

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de novembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de novembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2022).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 12 de novembro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(2023).- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIDADÁN.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta sobre o asunto referenciado do concelleiro-delegado de distritos e presidente da Comisión especial de suxestións e reclamacións,

que di o seguinte:

O Concello Pleno, en sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2004 aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico da Comisión Especial del Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán. O texto regulamentario foi obxecto de publicación íntegra no BOP o día 30 de novembro de 2004.

O artigo 8.2 do Regulamento, incluído no Título II referente ó “Valedor do Cidadán” textualmente indica:

“2.- O Valedor que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade será elixido mediante acordo da Comisión adoptado en votación que represente o voto dos dous tercios dos membros do Pleno. A elección será por un tempo non superior ó mandato da Corporación sen prexuízo da súa reelección. En todo caso continuará nas súas funcións ata a data de substitución.”

O Regulamento concibe ó Valedor como órgano de enlace e colaboración da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e os cidadáns, que elo sexa así non implica que tal cargo institucional, pola súa relevancia, non deba ser elixido polo Pleno da Corporación.

Por outra banda non parece conveniente nin axeitado que tal figura institucional estea ligada á duración do mandato da Corporación, catro anos, pois as súas funcións de protección e defensa dos dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración Municipal e os servizos e actividades prestados por ela gozan de total autonomía e independencia respecto das funcións e atribucións tanto do goberno municipal coma do Pleno. Así mesmo é recomendable que tal cargo non se identifique permanentemente cunha persoa determinada razón pola que tamén resulta conveniente limitar a posible reelección a dúas veces, ampliándose non obstante a cinco anos o período para o desenvolvemento do cargo.

Finalmente o artigo 8.1. no apartado catro das funcións nel recomendadas indica:

“Anualmente, mediante informe, dará conta da súa xestión á Comisión, informe que acompañará ó que preceptivamente eleva a Comisión ó Pleno.”

A modificación anterior implica que tal informe anual non só deba ser coñecido directamente pola Comisión, o Pleno debe ter idéntico trato, non un coñecemento derivado das disfuncións e anomalías que se producen no funcionamento dos servizos municipais.

De conformidade co exposto propose ó Pleno da Corporación, previa a súa aprobación como proxecto pola Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar os artigos 8.1. e 8.2. do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestión e Reclamacións e do Valedor do Cidadán do seguinte xeito:

“Art. 8.1. (Apartado cuarto das funcións encomendadas)

-Anualmente, mediante informe dará conta da súa xestión á Comisión e ó Pleno.

Art. 8.2. O Valedor, que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade, será elixido polo Pleno da Corporación mediante o voto favorable dos dous tercios do número legal dos seus membros. A elección será por un período de cinco anos, sen prexuízo da súa reelección por dúas veces. En todo caso continuará nas súas funcións ata a data da súa substitución.

SEGUNDO.- Someter o acordo da aprobación inicial da modificación a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos que os interesados, no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións ou suxestións que coiden conveniente debéndose entender definitivamente aprobada a modificación no suposto de que non se produciran.

TERCEIRO. - *Proceder no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario obxecto de modificación no BOP a efectos da súa entrada en vigor.*

CUARTO. *Considerar que o nomeamento do Valedor do Cidadán acordado pola Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións en data 29 de outubro de 2007 o é polo tempo sinalado na nova redacción efectuada ó artigo 8.2., cinco anos, e que tal nomeamento, ó recaeren na mesma persoa que o viña desenvolvendo, non poderá ser obxecto de reelección por mais dunha soa vez.*

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aproba o proxecto de modificación do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestión e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, exposto anteriormente, que deberá someterse ó Pleno da Corporación.

3(2024).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2/1886, 23/1729.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- D^a. Josefa Veiga Requejo. Expte. 23/1729.
- D^a. Angela Iglesias Soto. Expte. 2/1886.

4(2025).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/1745.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

-Conceder o servizo de axuda no fogar á D^a. Sofía Reboredo Torea. Expte. 1745/13.

5(2026).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XULLO A OUTUBRO DO ANO 2007. EXPTE. 26433/301.

Cumprindo coa base 31^a das bases de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social dá conta da relación de contratos menores tramitados polo servizo de Benestar Social durante os meses de xullo a outubro de 2007, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
21/09/07	SERVIZO AUTOCARES ACTIVIDADES MAIORES	2260804	200700054732	3.000,00	AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L.
19/10/07	PROGR. ACTIVIDADES SAUDABLES	2260804	200700060003	11.585,45	FEDE. VECIÑAS EDUARDO CHAO

25/10/07	ORGN. VISITAS GUIADAS EXPOS. NAZÓN DE BREOGAN	2260804	200700062703	3.820,00	ANÓNIMO PUBLICIDAD, S.L.
13/09/07	ASIS. TEC. ALUGUER VIVENDA POBOACIÓN ESTRANXEIRA	2270600	200700052910	12.000,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L.
14/09/07	ASESORAMENTO PROCESO ACOLLIDA MENORES	2270600	200700053019	12.000,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L.
22/10/07	CATERING XORNADAS PLDA	2270608	200700060575	882,75	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS
17/09/07	ADQUISICIÓN 3 KITS DE FAX	6260000	200700053452	3.000,00	NEA F3 IBERICA

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(2027).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA ORGANIZAR A “PROBA DE CAMPO A TRAVÉS DO DEPORTE EN IDADE ESCOLAR” O DÍA 18.11.07 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 7305/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 6.11.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro 18 de novembro de 2007, a -Proba de Campo a Través do Deporte en idade escolar- a partir das 10.30 horas no Parque de Castrelos, onde xa está marcado o circuíto para a proba que rematará sobre as 13.30 horas.

7(2028).- RECTIFICACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ENTIDADE DEPORTIVA CLUB CIDADE DE VIGO BASKET CON CARGO ÁS SUBVENCIÓNS ÓS CLUBS DEPORTIVOS, TEMPORADA 2006-2007. EXPTE. 7292/333.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, do 6.11.07, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 12/06/2007 a Xunta de Goberno Local outorgou as subvencións aos clubs deportivos pola temporada 2006-2007. Nesta resolución figura o club de baloncesto Ciudad de Vigo de Basket, coa cantidade de 680 €.

O devandito club presenta un escrito no que solicita a revisión do expediente, dado que a cantidade non corresponde coa categoría na que participou o dito club na temporada 2006-2007.

Revisado o expediente é evidente que se trata dun erro na avaliación da solicitude presentada no seu día pola dita entidade deportiva, dado que o club Cidade de Vigo de Basket competíu na categoría Liga LEB-2 que corresponde á terceira categoría estatal. Polo tanto, o órgano colexiado de avaliación procede a valorar a solicitude do club Ciudad de Vigo de Basket, resultando que lle corresponde, non a cantidade de 680 € que figura no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/06/2007, senón que lle correspondería unha cantidade de 21.437 €, como existe crédito na partida 4521.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fins de lucro” e visto o informe do órgano colexiado de avaliación é polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:

- 1) *Modificar o Acordo da Xunta de Goberno Local de 12/06/2007 polo que se outorgaron as subvencións aos clubs deportivos para a temporada 2006-2007, rectificando o importe polo que se subvenciona á entidade deportiva club Ciudad de Vigo Basket (CIF: G-36962694), recollido no apartado A), que pasaría de 680 € a 21.437 €, co seguinte desglose:*

Entidade	Cif	Modalidade	categoría	licen- zas	desplaza- mento	aluguer	part-org	subven- ción
Ciudad de Vigo Basket	G-36962694	Baloncesto	12180			2400	6857	21437

Polo que, tras esta modificación o crédito hixi inicialmente retido por importe de 900.000 € (nº operación 200700008394) queda finalmente comprometido por 869.757 €, en lugar de los 849.000 €, recollidos no apartado C) no Acordo do 12 de xuño que se modifica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(2029).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 219.473,46 € A FAVOR DE CESPAS S.A. POLOS TRABALLOS DE REPOSICIÓN DO CÉSPEDA NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 7294/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do o informe-proposta do director técnico do IMD, do 6.11.07, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Na orde de servizo de data 4/10/2007 o concelleiro-delegado de Deportes, ordena a iniciación de expediente para atender o pagamento desta obriga, realizada no seu momento sen cobertura de crédito. En cumprimento do disposto na dita orde, procedo a informar sobre a mesma, consonte cos preceptos establecidos na Instrucción 1/2000 aprobada polo Pleno Municipal o día 20 de maio de 2000.

Este gasto xerouse no mes de setembro do ano 2006, debido á imperiosa necesidade de rexenerar o terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos por mor da mala situación do mesmo e a imposibilidade de que o R.C. Celta de Vigo, SAD, usuario da instalación, puidera iniciar a tempada futbolística cun céspede nunhas condicións adecuadas para a práctica do fútbol.

Para iso, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 14/08/2006, acorda:

- *Ampliar o obxecto do contrato formalizado no seu día coa mercantil CESPAS para o mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, para cumprir a proposta realizada polo enxeñeiro encargado da asistencia técnica do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos.*
- *Instar ao inicio dun expediente de modificación de créditos para facer fronte á obriga económica derivada da ampliación contractual acordada.*

Neste momento, e tras o Acordo do Pleno da Corporación de data 30/07/2007, existe crédito adecuado e suficiente na partida 4521.210.00.06 "rexeneración campo Balaídos" do orzamento de gastos para 2007, polo que procede tramitar a obriga pendente de pagamento.

A prestación realizada supón un gasto de 219.473,86 € recollido na factura nº 06VG00072 que se xunta, e está dentro dos prezos de mercado.

Con data 22/10/2007 a Asesoría Xurídica emite informe onde sinala a procedencia da concesión dunha indemnización substitutiva, mediante recoñecemento extraxudicial de crédito.

Igualmente, a Intervención Xeral emite informe de data 31/10/2007, sobre a procedencia da declaración de nulidade dos traballos e dunha indemnización substitutiva a favor de Cespas S.A.

Por todo o exposto, poponse á Xunta de Goberno local a adoptción do seguinte acordo:

- a) Declarar a nulidade dos traballos realizados polo empresa CESPAS S.A.*
- b) Aprobar unha indemnización substitutiva a favor de Cespa S.A. por un importe total de 219.473,86 €, segundo o estipulado na factura nº 06VG00072.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(2030).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.839,43 € A FAVOR DE ORECO S.A. POLOS TRABALLOS DE EXECUCIÓN DUNHA CUBERTA NA PISTA DE PETANCA EN BEADE. EXPTE. 7296/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 6.11.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Na orde de servizo de data 4/10/2007 o concelleiro-delegado de Deportes, ordena a iniciación de expediente para atender o pagamento desta obriga, realizada no seu momento sen cobertura de crédito. En cumprimento do disposto na dita orde, procedo a informar sobre a mesma, consonte cos preceptos establecidos na Instrucción 1/2000 aprobada polo Pleno Municipal o día 20 de maio de 2000.

Este gasto xerouse no mes de xuño do ano 2007, debido á necesidade manifestada polos veciños de Beade, de proceder ao cubrimento da pista de petanca en Beade, a maiores do proxecto orixinal, contido no expediente 5379-333/2005.

Nesta dependencia non consta por escrito encargo ningún á empresa Oresco, S.A para desenvolver os devanditos traballos, tendo sido encargados, segundo parece, de xeito verbal, polo anterior concelleiro-delegado de Vías e Obras.

Neste momento, e tras o Acordo do Pleno da Corporación de data 30/07/2007, existe crédito adecuado e suficiente na partida 4521.620.00.01 “pista petanca en Beade” do orzamento de gastos para 2007, polo que procede tramitar a obriga pendente de pagamento.

A obra realizada supón un gasto de 27.839,43 € recollido na factura nº 344/07 que se xunta, e está dentro dos prezos de mercado.

Con data 22/10/2007 a Asesoría Xurídica emite informe onde sinala a procedencia da concesión dunha indemnización substitutiva, mediante recoñecemento extraxudicial de crédito.

Igualmente, a Intervención Xeral emite informe de data 31/10/2007, sobre a procedencia da declaración de nulidade dos traballos e dunha indemnización substitutiva a favor de ORECO S.A.

Por todo o exposto, poponse á Xunta de Goberno local a adoptción do seguinte acordo:

- a) Declarar a nulidade dos traballos realizados polo empresa ORECO S.A.*
- b) Aprobar unha indemnización substitutiva a favor de ORECO S.A. por un importe total de 27.839,43 €, segundo o estipulado na factura nº 344/07.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(2031).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DE MANTEMENTO DO TERRO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 3861/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do o informe-proposta do director técnico do IMD, do 19.10.07, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno do Concello, en sesión de data 17/11/2003 acordou aprobar o expediente de contratación da realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, así como a convocatoria do concurso para a selección do contratista.

Recibidas as propostas no Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido ao efecto, a Mesa de Contratación procede á apertura das propostas con data 23/12/2003.

Así, con data 26/01/2004 a Xunta de Goberno Local, acordou adjudicar á empresa CESP, S.A. a realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, por un prezo de 31.607,71 €, por un período de 2 anos prorrogábeis.

A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte: “Procederá a primeira revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”

“As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.

Tendo en conta o exposto e en cumprimento do establecido no Prego de Prescricións Administrativas, esta terceira revisión de prezos ten efectos dende o 1 de febreiro de 2007, e recolle o incremento de prezos desde xaneiro de 2006 a xaneiro de 2007, que en función dos datos facilitados polo INE ascende ao 2,4 %.
Así, partindo do prezo actual revisado do contrato, o cálculo quedaría como sigue:

$(33.723,66 \times 1,024 = 34.533,03 \text{ €})$

A vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

“Aprobar a revisión do prezo do contrato da realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, adjudicado a CESP, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de data 26/01/2004, e establecer o prezo do mesmo para o ano 2007 na cantidade de 34.533,03 €, en función da aplicación da revisión de prezos no período xaneiro 2006-xaneiro 2007, con efectos 1 de febreiro de 2007.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(2032).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BALAIÓDOS, BARREIRO E A MADROA. EXPTE. 3859/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do o informe-proposta do director técnico do IMD, do 19.10.07, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, que di o

seguinte:

A Comisión de Goberno do Concello, en sesión de data 17/11/2003 acordou aprobar o expediente de contratación da prestación de servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Barreiro e A Madroa, así como a convocatoria do concurso para a selección do contratista.

Recibidas as propostas no Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido ao efecto, a Mesa de Contratación procede á apertura das propostas con data 23/12/2003.

Así, con data 26/01/2004 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar a don José Manuel Calderón Rodríguez a prestación dos servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol de Balaídos, Barreiro e A Madroa, por un prezo de 20.740,80 €, por un período de 2 anos prorrogábeis.

A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:

“Procederá a primeira revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”

“As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.

Tendo en conta o exposto e en cumprimento do establecido no Prego de Prescricións Administrativas, esta terceira revisión de prezos ten efectos dende o 1 de febreiro de 2007, e recolle o incremento de prezos desde xaneiro de 2006 a xaneiro de 2007, que en función dos datos facilitados polo INE ascende ao 2,4 %.

Así, partindo do prezo actual revisado do contrato, o cálculo quedaría como sigue:

(22.130,08 x 1,024= 22.661,20 €)

A vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

“Aprobar a revisión do prezo do contrato da prestación de servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Barreiro e A Madroa, adxudicado a don José Manuel Calderón Rodríguez por acordo da Xunta de Goberno de data 26/01/2004, e establecer o prezo do mesmo para o ano 2007 na cantidade de 22.661,20 €, en función da aplicación da revisión de prezos no período xaneiro 2006-xaneiro 2007, con efectos 1 de febreiro de 2007.”

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

12(2033).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DURANTE O EXERCIZO 2007. EXPTE. 2347/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 31.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 18.10.07, conformado polo xefe do Servizo de Animación Sociocultural e polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Resolver a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2007, de acordo co acta da Comisión de Avaliación de data 15 de outubro de 2007, a favor das entidades que se relacionan a continuación por un importe total de 94.998,85 € con cargo a partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	IMPORTE/€
SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ	G-36641033	XXV Festa do socio	1.623,41
IRMANDADE FESTAS PATRONAIS DE CANDEAN	G-36757003	Romaría San Cristobo	1.248,78
AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS	G-36791291	Encontro folclórico	624,39
S.C. FESTAS DA CONSOLACION DE COIA	G-36633030	Festa da Consolación de Coia	8.741,46
ASOCIACION IRMANDADE DA NOSA SRA. DAS NEVES DE MATAMA	G-36954162	Festa do Carballo Festival Infantil	416,26
CENTRO CULTURAL RECREATIVO DE CABRAL	G-36658680	II Festa do Socio Entroido	1.456,91
ASOCIACION GAMBOA CLUB CULTURAL	G-36812535	Concerto verán	416,26
AVV NOSA TERRA DE ALCABRE	G-36649374	Lumeiro de San Xoán	624,39
AVV MONTE DA MINA DE CASTRELOS	G-36623593	Magosto Entroido	1.456,91
AVCD SAN XURXO DE SAIANS	G-36648988	XXII Festa da Amizade	1.456,91
AVV DA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO	G-36644904	Semana Cultural Santa Lucia San Xoan	1.456,91
AVSCD SAN MIGUEL DE OIA	G-36648640	Entroido Fin de Ano	1.560,97
AVV. DE BEADE DE VIGO	G-36632081	XXII Feira Festa da Cereixa Participación certame corais Medina del Campo	1.873,17
ASOC. FOLCLORICA CORISCO	G-36652683	Festivais de Inverno Participación Festivais fora de Galicia	1.727,48
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G-36614097	Concurso infantil disfraces Entroido Concurso pintura e fotografía.	624,39
AVV. DE CABRAL	G-36651073	Festas Populares e Tradicionais Xornadas de Convivencia	1.456,91
BANDA ESCOLA DE MUSICA DE BEADE	G-36647055	III Festival de Bandas de Musica Populares en Beade	291,38

		I Encontro da Banda Xuvenil Escola Musica de Beade	
ASOCIACION COMERCIANTES Y EMPRESARIOS DE TRAVIESAS	G-36847861	Festa Fin de Ano Festa Día da Nai	7.492,68
AVCR SAN MAMEDE DE ZAMANS	G-36691855	Romaría de San Isidro Festa de San Xoan	999,02
ASOC. CULTUAL OS TRASNOS DA GAITA	G-36949063	Entroido Samain	249,76
AVV AS FONTES	G-36684991	Magosto San Xoan	1.040,65
AGRUPACION COMISIONS DE FESTAS DA LOCALIDADES DE VIGO		Celebración de 16 Festas Patronais: (San Brais e As Candeas, San Isidro Moledo-Sardoma, San Paio- Navia, San Pedro-Sardoma, San Bieto-Monte Pequeno, Santa Baia-Alcabre, Santa Mariña-Cabral, Santa Cristina-Lavadores, San Cristobo-Candeán, El Salvador-Coruxo, Os Liñares-Canido, Os Pexegos-Candeán, Os Dores-Cabral, San Cibram-Bembrive, O Rosario-Lavadores, A Xuntanza-Navia)ACTIVIDADE	14.985,36
ASOC. DE MULLERES RURAIS COMESAÑA DE VIGO	G-36769495	Día da Nai Iniciación As Artes plasticas	416,26
COFRADIA STMO. CRISTO AFLIXIDOS DE BOUZAS	G-36690170	Festas do Cristo de Bouzas	8.491,70
RODRIGUEZ EGUREN FLORENCIO	36143896V	Festa da Salgueira. Memorial Pablo Gallego "Pecheche"	312,19
AA GALILEO GALILEI	G-36654903	As Estrelas do Ceo/O Sol, Festa e Cultura	832,52
AVV PRAZA DA MIÑOCA	G-36842284	Xuntanza e convivencia veciñal Festa do Entroido	624,39
ASOCIACION CULTURAL O COTO	G- 36627941	XX Festa do Cabazo	1.248,78
COMISION FESTAS NOSA SRA. DAS NEVES DA GUIA	G-36731404	Festa das Neves da Guía	1,248,78
UVCD DE CANDEAN	G-36863348	IV Festa do Socio Foguera de San Xoan	749,27
ASOC. CULTURAL TRIANA DE VIGO	G-36895993	VI Feira Trianera de Vigo	124,88

UNION MUSICAL DE VALLADARES	G-36939110	Participación Certame Nacional Bandas de Música Ciudad Real	312,19
AVCD DE LAVADORES	G-36633618	Magosto San Xoan	1.456,91
IRMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE	G: 36763225	Romaría de San Roque	7.138,86
ASVCD NAUTILIUS	G- 36631703	Magosto Letras Galegas	624,39
AVV O CARBALLO DE SARDOMA	G- 36649325	Homenaxe a Moxenas e Salueiro Magosto	374,63
AVCD SAMPAIO	G:36648103	Saídas do grupo de Baile Seman Cultural	1.456,91
ASOC. CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G-36628543	XIII Certame da Tortilla	624,39
AVV O FREIXO	G-36654184	Programa de Festas Escolas Folclóricas	832,52
ASOC. CULTURAL ATALAIA DO CARMELO	G-36988590	I Encontro Internacional de Corais Cidade de Vigo Creación dunha compañía de Teatro e Zarzuela	333,01
AVV DR FLEMING	G-36709004	Festa Veciñal Viaxando coa Veciñanza	1.456,91
AVV SAN PEDRO DE MATAMA A UNION	G-36654036	Homenaxe aos maiores de 80 anos Festa Nosa Sra. das Neves	3.121,95
AVV DO BARRIO DE TEIS	G-36646546	Festa do Veciño	624,39
ASOCIACION XOGAIS	G-36917037	Xenios e figuras: Policarpo Sanz, García Barbón. Festival Imaxinario	416,26
ASAC. FOLCLORICA O FIADEIRO	G-36812204	Xornadas de Portas Abertas Serán Tradicional	1.748,29
AVV DE PARADA MACEIRIÑA RUAS E FONTES	G-36655942	Baile do Entroido Outono Cultural	1.352,84
FUNDACION SONDESEU	G-36968741	Cursiños didacticos de música folc	1.132,23
AVV CRISTO DA VICTORIA	G-36622793	Xornadas Gastronómicas Populares Festival Folclórico	1.415,28
ESCOLA TEMPO LIBRE KARUMA	G-36817385	Vigo Móvese	333,01
CCAR DE VALLADARES	G-36617082	VII Certame de Humor VII festival folclórico	1.456,91

SCRD HELIOS	G: 36633428	Festival de Baile Tradicional Festival Música Tradicional: Folc e Bandas de Gaita	1.560,97
IRMANDADE DE SAN CAMPIO	G- 36840940	Concerto de Bandas ao aire libre no San Campio	624,39
ASOCIACION CORAL POLIFONICA ANDURIÑA	G-36898708	II Certame de Habaneras e Conto Coral	312,19
CCAR RUEIRO	G:36626802	Coñecer o románico en Galicia	416,26

2º.- Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan a continuación dacordo co estipulado na base cuarta apartado (a) da convocatoria:

- PEREZ DOPESO MARIA PILAR (36080256-H)
- FUNDACIÓN CELTA DE VIGO (G-36810042)
- ASOCIACION BENÉFICA BEIRAMAR DE VIGO (G: 36634608)
- ASOCIACION PADRES DE ALUMNOS DE LAS ACACIAS (G-36758407)
- ASOCIACION DE PERSOAS XORDAS DE VIGO (G- 36622835)
- CLUB DE CORREDORES VIG-BAY (G-36862191)
- FUNDACION IGUALARTE (G-36427524)
- ASOC. FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA (G-36776920)
- AUTISMO DE VIGO (G: 36849883)

3º.- Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan a continuación dacordo co estipulado na base cuarta apartado (e) da convocatoria:

- CRAC DE CORUXO (G-36627495)
- BARBENA FERNANDEZ TERESA (36129165-Y)
- AVV DO CALVARIO (G-36.648.293)

13(2034).- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON DE AQUALIA CORRESPONDENTE Ó PERÍODO SETEMBRO A DECEMBRO DE 2006 E LIQUIDACIÓN DE ATRASOS XANEIRO 1991-AGOSTO 2006. EXPTE. 101107/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 25.10.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 29 de xuño do presente ano a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello a autoliquidación do canon concesional, correspondente o período setembro a decembro de 2006 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) a agosto de 2006

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de catro meses reflicte unha facturación ingresada de 362.535,45€, correspondente a unha subministración de 12.084.515m³, a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 3.606,69€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Setembro a Decembro de 2006 por un importe de 362.534,45€, que corresponde a un volume de facturación 12.084.515 m³.

2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata Agosto 2006, por un importe de 3.606,09€

3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(2035).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DE D. EUGENIO COSTAS RIVEIRO A VI WORKSHOP MÉTODOS RÁPIDOS Y AUTOMATIZACIÓN EN MICROBIOLOGÍA ALIMENTARIA EN BARCELONA. EXPTE. 1775/313.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Unidade de Persoal e os documentos contables emitidos por Intervención Xeral, acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto proposto, e de acordo co informe-proposta do director do Laboratorio Municipal, do 17.10.07, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza a: D. Eugenio Costas Riveiro a asistencia a VI Workshop Métodos Rápidos y Automatización en Microbiología Alimentaria a celebrar en Barcelona os días 20,21,22 e 23 de Novembro do 2007.

2º.- Autorizar o gasto de 240 € (inscrición curso), con cargo á partida 1211 1620000 (partida xeral).

3º.- Autorizar o gasto, de 360,16 Euros, con cargo a partida 4121 2310000 (LOCOMOCIÓN).

- Billete avión ida y vuelta a (Vigo-Barcelona) 210,16€
- Taxis, metro o autobús. 150,00€

4º.- Autorizar o gasto de 429,6 Euros con cargo a partida 4121 2300100 (DIETAS).

- Hotel os días 19,20,21 e 22 de novembro 280,00€

● Media dieta el 19/11/07	18,7 €
● Dieta completa el 20/11/07	37,40€
● Dieta completa el 21/11/07	37,40€
● Dieta completa el 22/11/07	37,40€
● Media dieta el 23/11/07	18,7 €

5º.- Estes ingresos faranse, mediante Libramento a Xustificar para ingresar na conta habilitada co número 2080/0000/72/0040288493, a nome de Xesús Núñez-Torrón López.

15(2036).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5000 € A FAVOR DE ITS ESPAÑA POR GASTOS DERIVADOS DO PATROCINIO DO “IV CONGRESO SOBRE SISTEMAS INTELIGENTES DE TRANSPORTE”. EXPTE. 74055/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe:

En data 2 de outubro de 2007, a Xefa de Transportes emite o seguinte informe, co conforme do Concelleiro-Delegado:

"Con motivo da celebración do VI CONGRESO SOBRE SISTEMAS INTELIGENTES DE TRANSPORTE, ITS, celebrado en Vigo os días 17, 18 e 19 de outubro de 2006, asinouse, en data 25 de setembro de 2006, un Convenio de colaboración entre a empresa PEUGEOT CITROEN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A e o CONCELLO DE VIGO.

- En dito Convenio o Concello invita á empresa a participar no referido Congreso como líder do sector da automoción e singularmente na aplicación das novas tecnoloxías do automóbil.

A empresa participará nos traballos de organización, inscrición, publicidade e difusión da celebración do VI CONGRESO ITS mediante a aportación de 5.000 EUROS que abonará por transferencia bancaria ao número de conta 20800000710040070137 para o fin indicado.

- En data 13 de xuño de 2007 o Tesoureiro Municipal expide certificación na que establece que foi ingresada a cantidade de 5000 EUROS por parte da empresa PEUGEOT CITROEN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A, en cumprimento do Convenio de colaboración VI Congreso Sistemas Inteligentes de Transportes, ITS, mediante ingreso efectuado na entidade de depósito CAIXANOVA.

- En data 14 de agosto de 2007 o Alcalde, mediante Decreto, aprobou a modificación de crédito número 116/07 por importe de 5000 € con cargo á partida 2260600, coa finalidade de dar cumprimento á aportación económica concedida pola empresa PEUGEOT CITROEN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A, para a financiación dos gastos na celebración do Congreso sobre Sistemas Inteligentes.

- En data 1 de xuño de 2007, a empresa ITS ESPAÑA, con CIF. G-83493767, encargada do patrocinio do VI Congreso Español sobre Sistemas Inteligentes de Transporte celebrado en Vigo, presenta a factura nº 142, por importe de 5.000 EUROS.

Ainda cando non foi autorizado o gasto cando se prestou o servizo, existe crédito suficiente na partida 2260600

Polo exposto considérase que procede a indemnización substitutiva das actuacións realizadas con motivo da celebración do VI CONGRESO SOBRE SISTEMAS INTELIGENTES DE TRANSPORTE, ITS, con cargo á partida 2260600, por importe de 5.000 EUROS a favor da empresa ITS ESPAÑA, CIF G-83493767."

En data 23 de outubro de 2007, o Interventor Xeral informa que procede:

- * "Declaración de nulidade da prestación dos traballos prestados pola empresa ITS ESPAÑA.
- * Indemnizacións substitutiva a favor das compañías ITS ESPAÑA, por un importe total de 5.000 euros, segundo o estipulado nos párrafos precedentes.
- * Unha vez sexa, no seu caso, adoptado Acordo polo Órgano competente, esta Intervención Xeral procederá á aceptación do acordo nos seus propios términos, mediante a correspondente Toma de Razón, ó non proceder neste momento acto de fiscalización previa."

Polo exposto sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

- 1.-Declarar a nulidade da prestación dos traballos prestados pola empresa ITS ESPAÑA.
- 2.-Aprobar a indemnización substitutiva por un importe total de 5.000 EUROS, con cargo á partida orzamentaria 2260600, con motivo da celebración do VI CONGRESO SOBRE SISTEMAS INTELIGENTES DE TRANSPORTE ITS, a favor da empresa ITS ESPAÑA, CIF G-83493767.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(2037).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 26.524,07 € A FAVOR DE GLOBAL SALES SOLUTIONS LINE S.L. POLO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 1235/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.10.07, o informe de fiscalización do 23.10.07 e de acordo co informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidalas actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28ª das de execución do orzamentaria para o ano 2007, por un importe de 26.524,07 € (vinteseis mil quinientos vintecatro euros con sete centimos) a favor de Global Sales Solutions Line e CIF B-82311861.

2º.- Recoñecer a abrigo a favor de Global Sales Solutions Line e CIF B-82311861, polo importe total de 26.524,07 € (vinteseis mil quinientos vintecatro euros con sete centimos).

3º.- Dispoñer o gasto a favor de Global Sales Solutions Line e CIF B-82311861 para o abono das facturas 26 1566, 26 1204, 26 1342 e 261415 polo importe total de 26.524,07 €, xa que se prestou de conformidade ao servizo prestado e a demora na tramitación do expediente non é atribuíble a mesma con cargo a partida 4631 2270600.

17(2038).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.410,36 € A FAVOR DE EKIPO SCG POLA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO. EXPTE. 1374/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15.10.07, o informe de fiscalización do 2.11.07, e de acordo co informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 20.09.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Convalidalas actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28ª das de execución do

orxamentaria para o ano 2007, por un importe total de 24.410,56 € (vintecatroy mil catrocentros dez euros con cincuenta e seis centimos) a favor de EKIPO Sociedad Cooperativa Galega e CIF F-36620474.

2º.- Recoñecer a abrigo a favor de de EKIPO Sociedad Cooperativa Galega e CIF F-36620474, polo importe total de 24.410,56 € (vintecatroy mil catrocentros dez euros con cincuenta e seis centimos).

3º.- Dispoñer o gasto a favor de EKIPO Sociedad Cooperativa Galega e CIF F-36620474 para o abono das facturas P11.704 e P12.163 polo importe total de 24.410,56 €, xa que o subministro se prestou de conformidade e a demora na tramitación do expediente non é atribuíble a mesma con cargo as partidas 4631 6250001 e 4631 6250002.

18(2039).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.399,82 € A FAVOR DE EULEN S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA NOS CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 1380/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15.10.07, o informe de fiscalización do 5.11.07, e de acordo co informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 20.09.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidalas actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28ª das de execución do orxamentaria para o ano 2007, por un importe de 6.399,82 € (seis mil trescentos noventa e nove euros con oitenta e dous centimos) a favor de EULEN SA e CIF A-28517308.

2º.- Recoñecer a abrigo a favor de EULEN SA e CIF A-28517308, polo importe total de 6.399,82 € (seis mil trescentos noventa e nove euros con oitenta e dous centimos).

3º.- Dispoñer o gasto a favor de EULEN SA e CIF A-28517308 para o abono da factura 1893631 polo importe total de 6.399,82 €, xa que se prestou de conformidade ao servizo prestado e a demora na tramitación do expediente non é atribuíble a mesma con cargo a partida 4631 2270604.

19(2040).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXIANCIA E SEGURIDADE NA UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO. EXPTE. 21054/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 24.10.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Securitas Seguridade España, S.A.” o servizo de vixiancia e seguridade na unidade asistencial do CEDRO por un importe anual de 55.700,00 euros Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 25-05-2007 e a oferta presentada .

20(2041).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 18883/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón Especial, do 4.10.07, conformado polo concelleiro de Contratación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de Animación Socio-Cultural e Festas, remítese expediente de contratación do servizo da Escola Municipal de Danza, para que se formule proposta de revisión de prezos do contrato.

A contratación do servizo da Escola Municipal de Danza foi adxudicado a D. Wenceslao cabezas del Toro, por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o 21 de agosto de 2006, fixándose o prezo contractual na cantidade de 112.791,52 euros/ano.

Na cláusula 4ª) do contrato establécese que o contrato terá unha duración de dous anos, iniciándose o día un de setembro de 2006, puidéndose prorrogar por periodos anuais ata un máximo de dous.

A posibilidade de revisión de prezos, aparece recollida na cláusula 3ª aptdo. 3.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron a contrataciónn (X.G.L. de 19 de xuño de 2006), que textualmente recolle o seguinte:

“A revisión de prezos terá lugar transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC Nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas (31 de xullo de 2006).

As seguintes revisións do contrato recollerán a variación do IPC que medie entre a data de revisión e a data da revisión inmediatamente anterior”.

A vista do exposto anteriormente, para proceder a revisión de prezos do contrato, o prezo de adxudicación, aplicaráselle o incremento do IPC do periodo xullo de 2006/agosto de 2007, que segundo datos obtido do INE foi do 2,4%, desta forma obteríase o prezo revisado a partir do 1 de setembro de 2007, ascendendo éste a 115.498,52 euros.

Polo exposto anteriormente proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo da Escola Municipal de Danza, adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 21 de agosto de 2006, fixando o prezo contractual para o periodo setembro 2007/2008 na cantidade de 115.498,52 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(2042).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de fiscalización e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a Sercosyas Proyectos y Obras, S.A.a fianza de 2.929,60 €, constituída para responder da mellora de accesos e rexeneración do Vao xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1971/241.

B) Devolver a BELT IBÉRICA S.A. a fianza de 2.217,60 €, constituída para responder da elaboración dun Plan de emerxencia municipal xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 1988/241.

C) Devolver a Compañía Ibérica de Granitos, S.A. a fianza de 1.920,45 € constituída para responder da montaxe de escudo na rúa Oporto, xa que as obras foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1963/241.

22(2043).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL FERREIRA SANMIGUEL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1200/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 25.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alfonso Pérez Santos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Manuel Ferreira Sanmiguel, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de setembro de 2006 no que expón que o día 17 de febreiro de 2006, o Sr. Ferreira circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 6664-DJK, pola avenida de Guixar, á altura da rúa Santa Tegra, cando foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Parte do servizo da Policía Local, de data 17/02/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Ferreira relátalles o accidente que tivera o seu vehículo; igualmente comprobán o colector colisionado contra o vehículo e os danos ocasionados ó mesmo.*
- 2) Informe do servizo de Limpeza, de data 28/09/2006, indicando non teren máis constancia dos feitos reclamados que os recollidos no parte do servizo da Policía Local.*
- 3) Informe do Parque Móbil, de data 05/10/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres P. J. Pazos, presentado polo reclamante, por un importe de 945,96 euros IVE incluído, son correctos.*
- 4) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 25/10/2006.*
- 5) Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 06/11/2006.*
- 6) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 07/12/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informe da Policía Local despréndese que o colector bateu no vehículo, causándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Pérez, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente un presuposto de Talleres P.J. Pazos por un importe de 547, 91 euros, presuposto conformado polo servizo de parque móbil, que no seu informe considera que os prezos son correctos aínda que comete un error de feito o expresar a cantidade, polo que procede o seu aboamento.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. Alfonso Pérez Santos en nome e representación de D. Manuel Ferreira Sanmiguel en data 1 de setembro de 2006 por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizandoo coa cantidade de 547, 91 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade, en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(2044).- RECLAMACIÓN DE D^a. LIDIA VILLAR BUGARÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1213/243. DESESTIMADA. Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 31.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Lidia Villar Bugarín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de setembro de 2006, no que expón que o día 30 de decembro de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 6679-DBH, pola rúa Figueiras, no cruce con Sardomela, e perdeu o control do mesmo, ó esvarar por mor da presenza dun líquido esvaradiño (gasóleo) na vía, colisionando con outro vehículo e provocándose danos físicos á súa persoa e materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, de data 30/12/2005, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Bugarín relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia de aceite na vía e de danos no vehículo, non podendo localizar ó responsábel do verquido.
- 2) Informe do Inventario Municipal, de data 26/09/2006, no que indican que o camiño Figueiras figura de alta como camiño de titularidade municipal no Inventario.
- 3) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 30/11/2006, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de D. Carlos Bueno Oliva, presentado pola reclamante, no que estiman o valor venal do vehículo en 938 euros e o valor dos restos en 70 euros, considéranse razoábeis.
- 4) Informe do servizo de Limpeza, de data 14/12/2006, no que indican que, tras recibir unha chamada de aviso da Policía Local, operarios da empresa contratada para a limpeza viaria dirixíronse ó lugar dos feitos ás 16:00 horas para realizar a limpeza dunha mancha de gasóleo.
- 5) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.704,34 euros.
- 6) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 03/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Respecto ó dano, do informe levantado pola Policía Local de Vigo así como informe médico achegado, resulta que a consecuencia do accidente de tráfico acaecido o 30/12/2005 a reclamante sufríu lesións que se valoran en ditame médico solicitado e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución en 1.549,10 euros. Respecto ás secuelas que se reclaman a súa exclusión deriva

de que nin se atopan referidas no informe de alta nin resulta acreditada a súa irreversibilidade.

O valor venal do vehículo estímase correcto polo servizo do Parque Móbil do Concello.

Por outra banda, é preciso ter en conta que se trata dunha traballadora por conta allea, polo que caso de acreditarse entre un nexo entre o dano e o funcionamento dun servizo público, resultaría preciso, consonte coas últimas sentenzas ditadas polo xulgado contencioso administrativo nº 2 de Vigo (entre outras 126/2007 de 07/05, 206/2007, 207/2007 e 208/2007 de datas 09 e 10/09), que aplica o criterio sinalado polo Tribunal Supremo na sentenza de 30/01/2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante ese período co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, posto que en caso contrario produciríase un suposto de enriquecemento inxusto para a lesionada.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), así como de limpeza vial. Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicai (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.

Segundo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na limpeza posterior e sinalización da sustancia esvaradía e que motivou o accidente.

Neste suposto nas dilixencias a prevención por accidente de circulación que redactou a Policía Local de Vigo unha vez persoada no lugar consta que observando a existencia dunha substancia moi esvaradía, presumibelmente gasóleo, sen que fose posíbel localizar ó responsábel do verquido, foron requiridos os servizos do departamento de limpeza para proceder á limpeza e restabelecer a seguridade da vía. O propio servizo de Limpeza informa o 14/12/2006 que recibida a chamada da Policía Local, operarios da empresa concesionaria da limpeza viaria do Concello desprazáronse ó lugar para realizar a limpeza dunha substancia esvaradía. Constátase polo tanto que a intervención dos servizos municipais foi rápida, unha vez avisados, dispoñendo dos medios materiais e persoais precisos ó efecto, actuando coa dilixencia debida ó efecto.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que o reclamante sufriu uns danos a

consecuencia da actuación dun terceiro, e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial por falta do nexo causal necesario entre o dano e o servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Lidia Villar Bugarín polos danos ocasionados á súa persoa e ó vehículo de súa propiedade, matrícula 6679-DBH, por mor dun accidente ocorrido o día 30 de decembro de 2005 na rúa Figueiras”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(2045).- RECLAMACIÓN DE D^a.M^a NIEVES GROBAS ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1222/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Nieves Grobas Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de setembro de 2006, no que expón que o día 12 de abril de 2006, mentres camiñaba pola rúa Sagunto, á altura dos números 14 e 16, sufriu unha caída por mor dunha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 12/04/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Grobas relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban a existencia de desperfectos na beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/09/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que na data do informe seguía o desperfecto da vía e que este era visíbel a unha distancia de 3 metros.*
- Práctica de proba testifical en data 23/11/2006 a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que indica que non a viu caer e que o desperfecto da vía era visíbel.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 539,33 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 13/12/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei

30/1992:

- 1) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- 2) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- 3) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- 4) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada a existencia dun dano individualizado e avaliábel economicamente, no que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do exame do expediente resulta que:

- *Dna. María Nieves Grobas Alonso caeu o mércores día 12/04/2006 na rúa Sagunto de Vigo, recibindo asistencia médica ó presentar dor cervical en dous dedos e nun xeonllo. Presenta partes de baixa laboral do día 15/04 ó 24/04/2006 por gonaxia.*
- *Hai no expediente informe da Policía Local de Vigo consonte foron requiridos ó lugar pola reclamante con posterioridade ós feitos manifestándolles esta que caeu nunha focha que había alí ó tropezar nela.*
- *O informe de Vías e Obras solicitado fai constar que as dimensións do desperfecto son de 1,25 x 0,50 m de superficie e 12 centímetros de profundidade, podéndose ver a máis de 3 metros de distancia.*
- *Practicada proba testifical, a testemuña indica que non viu tropezar á reclamante, senón que a viu xa no chan, e que no momento dos feitos era de día e había boa visibilidade, sendo o buraco na beirarrúa ben visíbel se un se vai fixando por canto era un bo buraco.*

Constátase que a reclamante é traballadora por conta allea, percibindo polo tanto dende a data do accidente ata a súa alta laboral, días nos que estivo incapacitada parcialmente, prestacións a cargo da empresa e do INSS, prestacións que de conformidade co criterio do xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Vigo (entre outros 206/2007, 207/2007 e 208/2007 d datas 9 e 10/09 e 126/2007 de 07/05) terían que ser tidas en conta para minorar a indemnización á que tería dereito caso de acreditarse o necesario nexo causal, por canto consonte o Tribunal Supremo na súa sentenza de 30/01/2006, do contrario produciríase un suposto de enriquecemento inxusto para a lesionada.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifesta a testemuña proposta polo solicitante nese intre era de día, a mediodía e a visibilidade

era boa, e tal e como se observa nas fotografías achegadas ó expediente e resulta da propia proba testifical, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituíndo un defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que o solicitante non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída.

Terceiro.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Nieves Grobas Alonso por unha caída ocorrida o día 12 de abril de 2006 na rúa Sagunto, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(2046).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a AUXILIADORA ALONSO HERMIDA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1219/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Auxiliadora Alonso Hermida presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de setembro de 2006, no que expón que o día 3 de setembro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Figueiras, sufriu unha caída por mor dunha focha existente na rúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 06/10/2006, sobre o lugar no que a reclamante indica ter ocorrido o accidente.*
- 2) Informe do servizo da Policía Local, de data 18/10/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- 3) Práctica de proba testifical en data 05/01/2007 a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que indica que non a viu caer.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Ademais, é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro ou do propio particular a determinante do dano producido (STS 29/03/1999).

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *Segundo informe médico de data 18/09/2006 a reclamante foi atendida e ingresada no Centro Hospital Nuestra Señora de Fátima o 04/09/2006 a consecuencia dunha caída accidental presentando diversas lesións corporais das que foi intervida quirurxicamente.*
- *De conformidade co informe de Vías e Obras que hai no expediente a cuneta vese con normalidade a non ser que se desvíe atención polo paso de vehículos.*
- *Da práctica de proba testifical, que no lugar onde acaeceron os feitos non hai ningún defecto, e preguntada a testemuña sobre a visibilidade no lugar indica que foi nun día de sol e hai iluminación pública.*
- *A propia reclamante manifesta que camiñaba arrimada á cuneta por temor a ser embestida polos vehículos que circulaban a moita velocidade pola vía e que caeu na cuneta.*

O artigo 139.1 da Lei 30/1992 esixe que a lesión pola que se reclama o sexa a consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, esixíndose que haxa unha relación de causa efecto entre a actividade administrativa e o resultado danoso. A relación ten que ser non só directa, senón exclusiva sen intervención

estraña. Do exame do expediente resulta que a cuneta que hai no lugar non é un defecto estrutural, senón que forma parte da mesma vía, podéndose ademais ver claramente, e do relato da reclamante parece ser que a caída tivo lugar por mor dun despiste ou distracción cando camiñaba polo seu bordo por medo ós vehículos que por alí transitan, feitos dos que non se pode responsabilizar á Administración por canto entran dentro da propia esfera de imputación da vítima ou, no seu caso, dos terceiros condutores implicados. Admitir o contrario sería como conceptualizar a Administración como unha aseguradora universal

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Auxiliadora Alonso Hermida por unha caída ocorrida o día 3 de setembro de 2006 na rúa Figueiras, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(2047).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANA M^a LANDESA GÓMEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1225/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ana María Landesa Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de setembro de 2006, no que expón que o día 17 de setembro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Ricardo Torres Quiroga, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Parte do servizo da Policía Local, de data 19/09/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Landesa relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia dunha plaqueta levantada e de lesións físicas na Sra. Landesa que foi a continuación trasladada ó Hospital Xeral.*
- 2) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/10/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, no que indican que o desperfecto seguía na data do informe.*
- 3) Práctica de proba testifical, en data 11/01/2007, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Landesa.*
- 4) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.959,87 euros.*
- 5) Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 20/04/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, resulta que:

- Dña. Ana María Landesa Gómez caeu na rúa Ricardo Torres Quiroga o día 19/09/2006 nunha plaqueta que se atopaba levantada, sufrindo lesións das que foi atendida no servizo de Urgencias do Hospital Xeral de Vigo.*
- O informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente di que o defecto da beirarrúa mide 0,40 x 0,40 m² podéndose ver a unha distancia de 5 metros.*
- Dúas das tres testemuñas indican que no momento de producirse a caída había boa visibilidade no*

lugar.

Ademais a reclamante presenta partes de baixa laboral dende o 18/09/2006 ó 28/10/2006 nos que consta que é traballadora por conta allea así como que a entidade de pago da incapacidade laboral é Mutua Asepeyo. Neste suposto, polo tanto, de acreditarse o necesario nexos causal entre as lesións e o funcionamento dun servizo público resultaría preciso consonte coas últimas sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Vigo (entre outras, 126/2007 de 07/05, 2006/2007, 207/2007 e 208/2007, de datas 9 e 10/09) que aplican o criterio do Tribunal Supremo na sentenza do 30/01/2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, posto que en caso contrario produciríase un suposto de enriquecemento inxusto para a lesionada.

Cuarto.- Neste suposto constátase que o defecto na rúa era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito. Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano e, seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Quinto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Ana María Landesa Gómez por unha caída ocorrida o día 17 de setembro de 2006 na rúa Ricardo Torres Quiroga por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(2048).- RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO GARCÍA GRAJERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1187/243. DESESTIMADA. Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Francisco García Grajera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de agosto de 2006, no que expón que o día 16 de agosto de 2006, mentres camiñaba pola rúa Mestre Mateo, á altura do número 2, sufriu unha caída por mor dunha tapa de sumidoiro que había no chan, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Parte do servizo da Policía Local, de data 16/08/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atopan o Sr. García caído no chan, quen lles relata o accidente que tivera,

sendo a continuación trasladado a un centro hospitalario; igualmente, compronan que a tapa de sumidoiro non tiña ningún defecto.

- 2) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/11/2006, que indican que a arqueta pertence á empresa Unión Fenosa.
- 3) Evacuábase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 19/01/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábles polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- A caída, segundo o Sr. García debeuse o mal estado dunha arqueta situada na beirarrúa. No entanto, tanto a Policía Local como o Servizo de Vías e obras indican que esta non presentaba ningún defecto, polo que parece razoable pensar que a caída do reclamante debeuse máis a unha perda momentánea de equilibrio que o estado da beirarrúa. De todos modos, a causa da caída resulta irrelevante, dado que, tal e como informa o Servizo de Vías e obras, a arqueta é propiedade da empresa FENOSA, polo que non resulta posible vincular o accidente ó funcionamento de ningún servizo público municipal, fallando o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Francisco García Grajera por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó ser a arqueta causante dos supostos danos de titularidade dun terceiro alleo a esta Administración, polo que non existe relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(2049).- RECLAMACIÓN DE LIBERTY SEGUROS (JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ PARDO) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1204/243 DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 25.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade aseguradora Liberty Seguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. José Manuel González Pardo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de setembro de 2006, no que expón que o día 20 de agosto de 2006, o vehículo de propiedade do Sr. González, matrícula 9455-DCS, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Parte do servizo da Policía Local, de data 23/10/2006, no que o axente que interveu na retirada do vehículo informa que non lembra que o vehículo sufrixe danos na súa presenza.*
- 2) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 20/11/2006, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Liberty Seguros, presentado polo reclamante, por un valor de 400,15 euros son correctos.*
- 3) Evacuase trámite de audiencia á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de guindastre municipal, que formula alegacións en data 05 e 11/12/2006, indicando que non se fan cargo dos danos ocasionados ó vehículo*
- 4) Evacuase trámite de audiencia ó reclamante en data 06/03/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración,

tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 1994, acordou adxudicar o servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública á empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., formalizándose o contrato en data 21 de setembro do mesmo ano. Este contrato tiña prevista unha duración inicial de cinco anos, segundo o previsto na cláusula II do prego de condicións económico-administrativas que rexeu a adxudicación, máis foi obxecto de prórroga, polo que se atopaba en vigor na data do accidente obxecto do presente procedemento.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia dos danos alegados, sendo así que tras a retirada do vehículo, o Sr. González non chamou a Policía Local, nin tampouco presentou o vehículo nas instalacións do servizo de parque móbil para que procedesen a examinar os danos. O reclamante como proba de tales feitos limítase a aportar unha peritaxe dos danos realizada pola compañía aseguradora do vehículo e unhas fotocopias de fotografías do vehículo en branco e negro nas que é difícil apreciar os danos. Por outra banda, o axente que acompañaba o condutor da grúa no traslado do vehículo manifesta descoñecer que este resultase danado nesta operación, e adxunta ó seu informe fotografías realizadas ó vehículo antes de ser retirado polo guindastre municipal onde se aprecia que os danos reclamados xa os tiña con anterioridade ó momento de ser retirado polo guindastre municipal da vía pública. Á vista destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola entidade aseguradora Liberty Seguros, en nome e representación de D. José Manuel González Pardo, en data d 5 de setembro de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(2050).- RECLAMACIÓN DE D^a. REGINA OLGA ÁNGEL NÚÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1100/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Regina Olga Ángel Núñez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de maio de 2006 no que expón que o día 17 de maio de 2006 a brigada de bombeiros municipal causou danos no tellado da vivenda de súa propiedade, situada na rúa Pobladores número 4, ó tratar de extinguir un lume existente no edificio veciño.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- 1) Informe do servizo de Bombeiros, de data 28/04/2006, no que indican que tiveron que furar o teito da cociña da vivenda da Sra. Ángel para dar saída á auga acumulada no teito, utilizada para a extinción do incendio na vivenda veciña; tamén indican que non causaron ningún dano engadido á porta, xa que esta se atopaba aberta no momento en que os bombeiros chegaron ó lugar.*
- 2) Informe do enxeñeiro industrial municipal, de data 10/10/2006, no que manifesta que os prezos reflectidos no presuposto achegado pola reclamante, por un importe total de 1.798 euros, están dentro dos prezos normais do mercado.*
- 3) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 05/12/2006.*
- 4) Informe do servizo de Bombeiros, de data 20/12/2006, ratificándose no seu informe anterior.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de prevención e extinción de incendios (artigos 25.2.c e 26.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.c e 81. c da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia).

Cuarto.- A responsabilidade patrimonial da Administración configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado, sendo indiferente que a actuación administrativa teña sido normal ou anormal, bastando para declarala que como consecuencia directa daquela se teña producido un dano efectivo, avaliábel economicamente e individualizado; tendo sinalado reiteradamente a xurisprudencia “que esta fundamental característica -"carácter objetivo de la responsabilidad"- exige que no sólo no es menester demostrar, para exigir aquella responsabilidad, que los titulares o gestores de la actividad administrativa que ha generado un daño han actuado con dolo o culpa, sino que ni siquiera es necesario probar que el servicio se ha desenvuelto de manera anómala, pues los preceptos constitucionales y legales que componen el régimen jurídico aplicable extienden la obligación de indemnizar a los casos de funcionamiento anormal de los servicios públicos” (STS de 10/10/2000).

No presente caso, do informe do Servizo de bombeiros, de data 28 de abril de 2006, despréndese que os danos da vivenda da Sra. Ángel foron ocasionados por este servizo con ocasión dunha actuación para sufocar un incendio nun edificio colindante, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un funcionamento normal do servizo público.

Quinto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Ángel, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante achega ó expediente un presuposto de reparación dos desperfectos do seu inmóbel por un importe de 1.798 euros, integrados polos seguintes conceptos: reparación da cuberta da parede medianera (625 euros), reforma do teito da cociña (575 euros) e substitución dun batente da porta de entrada (350 euros), presuposto conformado polo servizo de electromecánicos, que no seu informe de data 10 de outubro de 2006, considera, tras consultar varias empresas, que os prezos están dentro dos normais do mercado.

Con respecto ós danos sufridos polo inmovible da reclamante, no citado informe do servizo de bombeiros, se di que “a casa colindante á afectada sufriu danos pola auga que se utilizou na extinción, acumulándose a auga no teito da cociña procedendo a pinchar o mesmo para que saíse a auga. Os bombeiros non teñen conciencia de producir danos no tellado, pero non se pode asegurar, pois ó realizar labores de extinción a auga pode producir algún desperfecto. En canto á porta, á chegada dos bombeiros xa estaba aberta, sen provocarlle ningún dano engadido”. É dicir, que para esta Administración só consta terse producido danos no teito da cociña.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, ó interpoñer a súa reclamación inicial a Sra. Ángel, en data 21 de abril de 2006, esta Administración, en cumprimento do disposto no artigo 6 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, en relación cos artigos 70 e 71 da Lei 30/1992, solicitoulle como mellora do seu escrito de iniciación, que non reunía os requisitos mínimos esixidos pola lei, entre outros extremos “avaliación económica detallada indicando a cantidade que reclama” e “medios de proba que propón”, en escrito que lle foi notificado en data 10 de maio de 2006. Posteriormente, completada a instrución do expediente, tras o trámite de audiencia, á vista das alegacións da Sra. Ángel, o instrutor solicitou novo informe ó servizo de bombeiros, por se tivesen constancia de danos tanto no tellado como na porta de entrada ó inmóbel, ratificándose o Sr. xefe deste servizo, en data 20 de decembro de 2006, no seu anterior informe. No entanto, a actividade probatoria da reclamante limitase a achegar ó expediente

un presuposto de reparación o cal non serve para acreditar dano ningún. Non consta no expediente ningunha peritaxe dos supostos danos. A Sra. Angel debeu solicitar unha peritaxe dos mesmos, ben da entidade aseguradora do inmóbel, ben dos servizos municipais, para que quedase constancia documental destes. A falta desta peritaxe, a única proba dos danos é o informe do servizo de bombeiros no que se acreditan danos no teito da cociña, en consecuencia, a xuízo da informante, estes son os únicos indemnizábeis.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D^a. Regina Olga Ángel Núñez, en data 31 de maio de 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta no inmóbel da súa propiedade sito na rúa Pobladores nº 4, indemnizándoa coa cantidade de 575 euros, correspondente ó valor de reparación do mesmo, en concepto de danos e perdas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(2051).- RECLAMACIÓN DE D. SEBASTIÁN LUIS ÁLVAREZ VELASCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1212/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 30.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Sebastián Luís Álvarez Velasco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial no seu propio nome e en nome e representación de Dna. Virginia Velasco de Álvarez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de setembro de 2006, no que expón que o día 13 de marzo de 2006, mentres a Sra. Velasco circulaba coa motocicleta de propiedade do Sr. Álvarez, matrícula C-2161-BRB, polo Lugar da Pega, á altura do número 14, sufriu unha caída co dito ciclomotor por mor dun rebaixe do asfaltado, provocándose danos físicos á súa persoa e materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 13/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Velasco xa fora trasladada ó hospital, onde lles relata o accidente ocorrido; igualmente comprobán os danos no vehículo e o desnivel da calzada que non se atopaba sinalizado.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/11/2006, no que indican que o fresado e asfaltado da zona afectada corresponde a unha canalización executada por Gas Galicia.*
- *Informe do servizo do Parque Móbil, de data 15/12/2006, no que manifestan que os prezos contidos no presuposto de V4 Motos, presentado polos reclamantes, por un importe de 502,57 euros, IVE incluído, son correctos.*
- *Informe da empresa Gas Galicia, de data 08/03/2007, no que indican que a empresa que realizaba as obras referidas no expediente foi Mañanes.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.372,80 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Mañanes, en data 24/04/2007, que non formula alegacións.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/05/2007, sobre a licenza concedida a Gas Galicia para a realización das obras no lugar.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Gas Galicia, que formula alegacións en data 30/05/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións en data 18/06/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- 5) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- 6) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- 7) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- 8) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992) e a examinar de oficio a súa propia competencia.

No expediente hai informes de datas 03/11/2006 e 15/05/2007 dos que resulta que: na zona onde acaeceu o accidente fresouse e asfaltouse a zona afectada para canalización executada a Gas Galicia. A obra foi concedida á empresa Gas Galicia en data 08/08/2005, que a realizou entre as datas 30/01/2006 e 05/01/2006, e o fresado e posterior asfaltado da gabia tal e como se indicaba na licenza nas semanas comprendidas entre as datas 13/03 e 16/03/2006.

Gas Galicia en escrito de data 30/05/2007 indica que os traballos foron contratados coa compañía Mañanes Instalaciones y Proyectos S.A.

Á vista destes datos, acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, falla un dos requisitos para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial por canto este Concello carece de lexitimación pasiva.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Sebastián Luís Álvarez Velazco no seu propio nome e en nome e representación de Dña. Virginia Velzco de Álvarez, por unha caída acaecida o día 143 de marzo de 2006 no Lugar da Pega, por canto o Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade das obras causantes dos danos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(2052).- MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO NAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18144/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 xuño, regulamento de bens das entidades locais.*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto, dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 13 de xuño de 2007.

Segundo.- En data 10 de setembro de 2007, se constituíu unha comisión para o seguimento e supervisión das obras de construción dos aparcadoiros obxecto da concesión de servizo público outorgada á UTE Eloymar – Tranvías. Na sesión constitutiva poñéronse de manifesto unha serie de circunstancias de diferente tipo relativas ós aparcadoiros: a existencia dun túnel de RENFE que invade a traza prevista no aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz, así como o feito de que a construción do aparcadoiro da rúa Areal podería demorarse por mor de que, segundo avanzou a Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ó solicitar autorización para o proxecto básico de aparcadoiro, sería precisa a realización dunha campaña arqueolóxica de sondaxes con carácter previo. Con respecto a primeira cuestión acordase a presentación de informes técnicos pola concesionaria e respecto a segunda, esperar á resolución da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, e de confirmarse este extremo, alterar a orde de execución dos aparcadoiros prevista no prego.

Terceiro.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE Eloymar – Tranvías, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de setembro de 2007, propón diversas modificacións do proxecto básico presentado con respecto ós tres aparcadoiros obxecto da concesión outorgada.

Á vista das modificacións propostas pola entidade concesionaria, solicitáronse informes técnicos a diversos departamentos municipais, así:

- 1) Informes do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de datas 21 de setembro e 5 e 10 de outubro de 2007.
- 2) Informe do Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, de data 28 de setembro de 2007.
- 3) Informe do Sr. Xefe de Cartografía e Delineación, de data 2 de outubro de 2007.

Cuarto.- Os aparcadoiros previstos nas rúas Areal e Policarpo Sanz atópanse no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal e o de Policarpo Sanz afecta tamén o xacemento Casco-Vello, ambos bens catalogados no planeamento municipal, e que, en consecuencia, forman parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, polo que, de acordo co previsto no artigo 54 da LPCG antes de emprender actuación ningunha é precisa a previa autorización da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Solicitada pola ute concesionaria autorización para os proxectos básicos, a Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte, emite sendas resolucións, ambas de data 28 de setembro de 2007.

Sobre o contido das ditas resolucións e a súa incidencia no desenrolo das obras de construción dos aparcadoiros obxecto da presente concesión, solicitouse informe do servizo de Patrimonio Histórico do Concello, que foi evacuado en data 15 de outubro de 2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á UTE Eloymar – Tranvías pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

A UTE Eloymar – Tranvías mediante escrito de data 25 de setembro de 2007 propón diversas modificacións dos proxectos básicos presentados con respecto ós tres aparcadoiros obxecto da concesión de que é titular. Posteriormente, en data 5 de outubro de 2007, presenta memoria e planos completando a información xa facilitada respecto ás modificacións propostas.

A continuación exporase con respecto a cada un dos tres aparcadoiros obxecto da concesión outorgada á UTE Eloymar – Tranvías, en primeiro lugar a modificación proposta, e de seguido, as conclusións dos informes dos diferentes servizos municipais respecto ás mesmas.

- Aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz

A concesionaria alega que iniciados os traballos para a redacción do proxecto de obras do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz “os estudos en profundidade realizados conduciron ó descubrimento dun antigo túnel de RENFE, cuxa traza se descoñecía e que non vía reflectida na documentación facilitada no concurso. Dito túnel invadiría a traza prevista de forma diagonal, entre o entronque de Alfonso XII con García Barbón ata a rúa República Argentina”. A existencia do túnel implica dificultades técnicas, detalladas nun informe que adxunta como anexo, e de orde xurídico derivadas tanto da propiedade do túnel como da ocupación parcial do mesmo por aparcadoiros privados dun edificio colindante. En base as circunstancias, solicitan a supresión do tramo entre as rúas República Arxentina e Alfonso XII e se formula proposta de prolongación do aparcadoiro en dirección á Porta do Sol, co obxecto de garantir o número de prazas. A superficie incrementada sería de 238, 15 m² con respecto ó proxecto básico, e suporía un incremento de 2 prazas sobre o número previsto, con 4 prazas mais de minusválidos.

En xustificación destas modificacións propostas axúntanse diversos planos e informes, entre os cales destaca un elaborado pola consultora G.O.C. que manifesta con respecto a este aparcadoiro o seguinte: a existencia do túnel invalida a proposta construtiva proxectada para a execución do aparcadoiro subterráneo (pantalla de pilotes, lousa en superficie, escavación ...) debido ós seguintes aspectos:

- O túnel está executado con bóvedas de pedra, e a demolición non se debe realizar con unha traxectoria perpendicular ó trazado do mesmo, o que invalida a realización dunha pantalla de pilotes.
- Para realizar a demolición e posterior construción da lousa superior do aparcadoiro subterráneo é preciso executar unha escavación a ceo aberto e posterior execución de muros e lousas tradicionais. Esta tipoloxía de construción implica un peche total do tráfico rodado e un tempo de execución das obras superior.
- A realización desta tipoloxía construtiva implica así mesmo un risco elevado para as construcións colindantes, especialmente a Igrexa de Santiago de Vigo, moi próxima ó túnel.

E como conclusión final establece que “Tendo en conta os condicionantes construtivos e de seguridade expostos anteriormente, a realización do aparcadoiro subterráneo neste tramo implica a necesidade de realizar unha escavación a ceo aberto. Esta tipoloxía construtiva conleva o corte de tráfico neste tramo, o aumento da duración das obras e unha merma na seguridade das estruturas adxacentes ó trazado do aparcadoiro”.

Informa o Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 21 de setembro de 2007, con respecto as modificacións solicitadas o seguinte: que a coincidencia do túnel de bóveda de pedra coa traza do aparcamento obriga a facer a escavación a ceo aberto, o que complica e modifica o proceso construtivo previsto na oferta presentada pola concesionaria. Considera que dado que nas bases da concesión non se menciona a existencia do túnel, esta circunstancia pode considerarse como un imprevisto. E conclúe que dende o punto de vista estritamente técnico, e á vista das afeccións que se poden orixinar no entorno do túnel, procede acceder ó solicitado, no sentido de que non se constrúa o tramo referenciado.

Así mesmo, o Sr. Xefe de Cartografía e Delineación, en data 2 de outubro de 2007, emite informe manifestando que “á vista da solicitude de cambio de trazado do aparcadoiro subterráneo da rúa Policarpo Sanz (...) e consultado o plano “Anexo 2: Plano de delimitación da área de influencia de residentes do prego de condicións”, a xuízo do técnico que subscribe, non se produce ningunha variación na zona de influencia”.

Segundo o informe do Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, de data 28 de setembro de 2007, “dende a análise do tráfico en xeral e dende a perspectiva da circulación de autobuses urbanos, en particular, a modificación proposta non ofrece dificultade adicional ningunha. Antes, ao contrario, na fase de construción ó quedar liberada de afección das obras Alfonso XIII e República Argentina, atoparase mellor solución para os desvíos necesarios. En canto á ampliación cara a Porta do Sol, non ten significación especial”.

- Aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro

Segundo a UTE Eloyamar – Tranvías o replanteo real da traza entre edificacións supón un reaxuste de dita traza. Co obxecto de axustala ás propostas se plantexa un incremento de 178, 40 m² (1, 53%) respecto ó proxecto básico, con un incremento de 4 prazas, unha das cales sería de minusválidos. No informe complementario de data 5 de outubro se concreta que “o levantamento topográfico efectuado puxo de manifesto que a distancia entre os dous edificios executados dando a dita rúa era menor que a orixinal. Dado o axustado da modulación, dita diminución suporía a perda dunha fileira de prazas en ambas as dúas plantas para non diminuír o ancho dos viais de circulación. Así mesmo, a lonxitude no fondo da actuación, paralelo a

rúa Zaragoza, produce tamén unha pequena redución. Se produce tamén un reaxuste na localización da cabina e dos servizos. A ampliación é pola rúa Pintor Colmeiro en 12, 45 m², e se obtén un incremento neto de 4 prazas, dúas por planta”.

Segundo o informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 5 de outubro de 2007, o encaixe do aparcamento entre os edificios existentes en sentido NE-SO, provocaría a perda de prazas. Dado que se trata dunha perda de prazas por insuficiencia de superficie dispoñible, considera que a solicitude ten maior compoñente xurídico que técnico, polo que non lle corresponde informar.

- *Aparcadoiro da rúa Areal*

Un reaxuste na disposición das ramplas interiores de cara a mellora do funcionamento do aparcadoiro leva a redución do número de prazas. Se formula unha ampliación de 2, 5 m de ancho cara a rúa Pontevedra. O incremento de superficie sería de 217 m² (1, 46 %), con un incremento de 6 prazas, 3 de elas de minusválidos. No informe complementario de data 5 de outubro se concreta que “se formula un reaxuste da rampla interna con ampliación na zona de desembarco e manobra da mesma, o que supón nesa zona unha perda de prazas. A ampliación non era aconsellable realizala cara a rúa Colón, polos problemas derivados da reposición de servizos de saneamento na devandita rúa, polo que se produce cara a zona da rotonda. Por coherencia estrutural e funcional, se amplía unha banda uniforme de 2, 5 m. Das 12 prazas que se obterían de incremento, seis son as perdas polos axustes de ramplas xa mencionados e os servizos técnicos”.

Á vista do exposto, o Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, en data 5 de outubro de 2007, informa que “O reaxuste da rampla interna de comunicación co soto 2 mellora as incorporacións ó ampliar o espazo de rodadura dispoñible e fai máis cómoda a saída a rúa Areal. A ampliación cara a rotonda do Areal, é a de menor afección sempre que non afecte o pretratamento de República Argentina (...). Dende o punto de vista estritamente técnico, sen entrar a valorar as ampliacións propostas, entendo que procede acceder ó solicitado no caso da rúa Areal”.

Estas modificacións non teñen significación especial ningunha dende o plano da mobilidade, segundo informa o Sr. Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, en data 28 de setembro de 2007.

En conclusión, a xuízo dos diferentes servizos municipais informantes non existe obstáculo para acceder as modificacións propostas pola Ute concesionaria, modificacións que nalgúns casos implican melloras funcionais, como no caso do reaxuste da rampla interna de comunicación co soto 2 no caso do aparcadoiro da rúa Areal, que mellora as incorporacións ó ampliar o espazo de rodadura dispoñible e fai máis cómoda a saída a rúa Areal.

-III-

O patrimonio cultural de Galicia está constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, haxan de ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo (artigo 1.1 LPCG), bens entre os cales se atopan os xacementos e zonas arqueolóxicas (artigo 1.3 LPCG).

As actuacións previstas para a construción dos aparcadoiros das rúas Policarpo Sanz e Areal sitúanse nos contornos dos xacementos arqueolóxicos Pontevedra-Areal e Casco Vello o primeiro, e Pontevedra-Areal o segundo. Ambos xacementos están encadrados na categoría de bens catalogados no planeamento municipal, e forman parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. Os bens inventariados, de acordo co artigo 54 LPCG, gozarán dunha protección baseada en evitar a súa desaparición, e estarán baixo a responsabilidade dos axuntamentos e da Consellería de Cultura, que haberá de autorizar calquera intervención que lles afecte.

Neste senso, solicitada autorización sobre os proxectos básicos, a Delegación Provincial de Pontevedra de Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, en sendas resolucións, de data 28 de setembro de 2007, acorda:

- Con respecto ó aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz, “autorizar o proxecto da campaña xeotécnica e o proxecto básico, condicionado á realización dun control arqueolóxico discontinuo dos traballos de

reordenación dos servizos e apuntalamiento, e de sondaxes arqueolóxicas mecánicas; intervención arqueolóxica que deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio cultural, cando se presente o proxecto arqueolóxico oportuno. Unha vez rematada a intervención arqueolóxica, e á vista do informe arqueolóxico de resultados, o Director Xeral de Patrimonio Cultural resolverá sobre a continuidade das obras ou se resulta preciso acometer unha intervención mais exhaustiva. As actuacións propostas para as seguintes fases construtivas, en principio, parecen acertadas, se ben, estarán supeditadas ao resultado das sondaxes previas.”

- En relación o aparcadoiro da rúa Areal, “Dada a importancia arqueolóxica da zona afectada non se informa sobre o proxecto de aparcadoiro soterrado ata ter os resultados das sondaxes arqueolóxicas que deberán realizarse, xa que podería ser necesario modificar ou reducir a zona afectada polo proxecto de obra. Deberá presentarse un proxecto de intervención arqueolóxica conforme á proposta presentada pola empresa promotora, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O artigo 6 PCAP prevé que a execución do lote 1 comezará coa construción do aparcadoiro localizado na rúa Areal (punto 4.a), condicionando a construción do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz ó remate das obras do primeiro, se ben, se permite iniciar a súa construción sempre e cando o órgano de contratación, xustificadamente, e previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, considere que o estado e fase das obras do aparcadoiro de Areal non afectan a fluidez do tráfico rodado no seu contorno (punto 4.c).

Sen embargo, tendo en conta que respecto o aparcadoiro da rúa Areal nin sequera se aproba o proxecto básico antes da realización das sondaxes arqueolóxicas, e que estas campañas arqueolóxicas poden dilatarse no tempo, o que implicaría a imposibilidade de cumprir os prazos de execución das obras, na sesión constitutiva da comisión para o seguimento e supervisión das obras de construción dos aparcadoiros obxecto da concesión de servizo público outorgada á UTE Eloymar – Tranvías, celebrada en data 10 de setembro de 2007, se acordou propoñer á Xunta de Goberno Local a alteración da orde de execución dos aparcadoiros prevista no artigo 6 PCAP se ilo fose preciso á vista das resolucións da Delegación Provincial de Pontevedra de Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Trasladadas estas resolucións ó Servizo de Patrimonio Histórico municipal, emítese informe, en data 15 de outubro de 2007, do seguinte tenor:

“Aparcamento en Policarpo Sanz: Existe unha resolución da Xunta de fecha 28/09/2007, por medio da que se autoriza o proxecto básico condicionado á realización dun control arqueolóxico e de sondaxes mecánicas, aínda que sometendo a posible autorización da continuación das obras ós resultados obtidos naquelas actuacións arqueolóxicas.

Aparcamento en Areal: A resolución da Xunta de Galicia de 28/09/2007 non informa sobre o proxecto de aparcamento hasta obter os resultados das sondaxes arqueolóxicas que deberán realizarse, para o cal, deberá presentarse un proxecto de intervención arqueolóxica para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Habida conta destas resolucións da Xunta de Galicia, este Servizo de Patrimonio Histórico estima que podería estar xustificada, salvo mellor opinión, unha modificación nas condicións do contrato no sentido de inverter a orde de execución dos aparcamentos e sobre os prazos de execución das obras, posto que o procedemento en canto a obtención de autorizacións que a normativa de aplicación esixe para a protección do patrimonio arqueolóxico se atopa máis avanzado no caso do aparcamento de Policarpo Sanz que no de Areal”.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b LBRL e 80.2.b LALGA), competencia na que pode englobarse a actividade de aparcadoiro público. Na cidade de Vigo, nos últimos anos acometéronse obras de humanización de diversas rúas, que levaron a peonalización de algunhas delas, e campañas de alargamento de beirarrúas. Así, o entorno dos aparcadoiros previstos nas rúas Policarpo Sanz e Areal viuse afectado polas humanizacións do entorno de Príncipe, da Praza de Compostela e da rúa Uruguay, que levou a perda de numerosas prazas de aparcamento en superficie, circunstancia que, entre outras, determinou o acordo plenario de construír seis novos aparcadoiros subterráneos para satisfacer as demandas de prazas de aparcamento por parte dos cidadáns.

Neste sentido, informa o Sr. Xefe do Servizo de Mobilidade, en data 17 de outubro de 2007, que:

“Segundo os datos obrantes neste departamento, o número estimado de prazas de estacionamento regulado dispoñibles no ano 2001 era de 3. 572, das que foron reducidas ata o inicio do presente ano un total de 1. 076 prazas, no conxunto de todas as zonas co servizo O.R.A.

As actuacións municipais que fixeron diminuír as devanditas prazas de estacionamento neste período de anos foron os proxectos de humanización e peonalización de rúas; o alargamento de beirarrúas; os cambios de ordenación de estacionamento de batería en liña ou supresión; as reservas para outros usos e as modificacións na ordenación da circulación”.

En conclusión, tanto si temos en conta que o esperar o remate da campaña arqueolóxica a executar na rúa Areal podería implicar o incumprimento dos prazos contractuais, e este atraso podería levar a un aumento de custos de construción dos aparcadoiros incluídos no lote 1, que podería acabar repercutindo nas arcas municipais en virtude do principio contractual de mantemento do equilibrio financeiro dos contratos administrativos, como si temos en conta que é de interese público recuperar prazas de aparcamento no centro da nosa cidade o máis rapidamente posible así como crear novas prazas de aparcamento subterráneo para paliar a escaseza de prazas de aparcamento en superficie, resulta convinte ó interese público alterar o orden de execución das obras de construción dos aparcadoiros previsto no artigo 6.1 PCAP. Modificación para a que o contratista a prestado a súa conformidade, e así consta tanto na acta da sesión constitutiva da comisión de seguimento da execución do contrato, como no escrito de data 17 de outubro presentado no trámite de audiencia, que en cumprimento do disposto nos artigos artigos 59.1 e 101 LCAP, 114.1 TRRL e 102 RLCAP, evacuose ó mesmo.

-IV-

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigo 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por convinte, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:

- Que non se formule oposición por parte do contratista.
- Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).

No entanto, todas estas cautelas están previstas pola lei, tanto para evitar fraudes na contratación administrativa, garantindo a vixencia dos principios de publicidade e concorrência, como para protexer a posición do contratista e manter invariables os presupostos tidos en conta no momento de prestar o seu consentimento ó contrato e para manter o equilibrio financeiro do mesmo. Así, por imposición do artigo 248.1 LCAP o contrato de concesión de obras públicas deberá manter o seu equilibrio económico nos términos que foron considerados para a súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, e reconece expresamente ó contratista este dereito no seo do contrato no artigo 242.b LCAP, imponéndose expresamente como obriga para a Administración concesionaria no artigo 127.2.2º RS. Máis no presente suposto, salvo a alteración do orden de execución dos aparcadoiros, modificación expresamente proposta pola administración en uso do ius variandi, e o cambio da traza do aparcadoiro previsto na rúa Policarpo Sanz o resto das modificacións propostas polo concesionario, son axustes do proxecto básico presentado de cara a redacción do proxecto de obras definitivo, que segundo a resolución da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2007, terán que presentar en data 13 de decembro de 2007. Trátase de variacións de detalle que non traen causa no ius variandi da Administración (neste sentido STS de 16 de febreiro de 1979), e ademais, non afectan de forma significativa a economía do contrato, polo que non existe inconveniente na súa aprobación. Nesta liña, manifesta a ute concesionaria, en escrito de data 17 de outubro, que “as modificacións propostas nas trazas dos aparcadoiros non teñen a máis mínima importancia a efectos presupostarios para a execución destas obras, sendo o importe da execución das obras cas novas trazas practicamente igual que coas anteriores”. E segundo o informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10 de outubro de 2007, todos os cambios propostos “non representan un incremento do 20% do prezo inicial do contrato”. A propia lei de contratos, no seu artigo 229.3 da entrada a estas eventuais melloras ou axustes á hora de formular o contratista o proxecto de obras, preceptuando que será de aplicación o réxime de melloras do anteprojecto elaborado pola Administración, sempre e cando o

prego de cláusulas administrativas particulares o autorice, e nos termos que este estableza (artigo 228.5 LCAP), posibilidade recollida no artigo 30 PCAP. O propio prego de prescricións técnicas que rexeu o concurso para a adxudicación deste contrato admite esta posibilidade no seu artigo 6 apartado 2.6 ó dicir que “o proxecto de construción axustarase ás especificacións contidas neste prego. No entanto, previa xustificación, poderanse adoptar solucións distintas que melloren a funcionalidade e as características construtivas da obra e das súas instalacións. Calquera variación deberá ser unha mellora sobre as características mínimas que se indican no presente prego”.

O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público). Xustificación que o mesmo precepto, no seu apartado 3, concreta, para os contratos de contía superior a 6.010.121,04 euros (como o caso presente, en que o prezo do contrato é de 34.225.417 €), nunha memoria explicativa subscripta polo director facultativo da obra, que xustifique a desviación producida que motiva a modificación, con expresión das circunstancias non previstas na aprobación do prego de prescricións técnicas e, no seu caso, no proxecto correspondente, e no caso de contratos de obras, informe da Oficina de Supervisión de Proxectos sobre a adecuación da modificación proposta. No contrato que nos ocupa, presentouse memoria pola UTE adxudicataria, xunto cos planos das modificacións propostas, memoria e planos informados polo funcionario técnico encargado da supervisión das obras, nos citados informes de datas 21 de setembro e 5 de outubro de 2007. Para o contrato de concesión de servizo público, o artigo 240.1 LCAP esixe tamén que o plan económico-financieiro da concesión recolla, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou diminución dos custos, extremo que non é necesario en base a que, tal e como manifesta o concesionario, as variacións non inflúen nos custos das obras previstos.

En caso de que a Administración contratante sexa unha entidade local, a disposición adicional 9ª apartado 4 da LCAP, establece que o importe de 6.010.121,04 euros se substituirá polo que se corresponda co 20 por 100 dos recursos ordinarios da entidade local, salvo que o importe resultante sexa superior á citada contía (suposto no que se atopa o Concello de Vigo), caso en que será esta de aplicación.

As dúas modificacións en sentido estrito propostas: a alteración do orden de execución dos aparcadoiros e a modificación da traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz obedecen a claras razóns de interese público, que pasaremos a explicar.

A alteración da orde de execución, tal e como se expuxo no fundamento xurídico III do corpo deste escrito, é de interese público para satisfacer a necesidade de prazas de aparcamento no centro da cidade. Esta modificación obedece a unha causa imprevista, a non aprobación pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do proxecto básico do aparcadoiro da rúa Areal, e a obriga imposta ó concesionario de realizar unha previa campaña arqueolóxica cuxos resultados determinarán a aprobación ou non deste proxecto básico, no seu caso. Trátase dun imprevisto por canto, tanto este aparcadoiro, como o de Policarpo Sanz, están incluídos en zonas de cautela arqueolóxica, sen embargo, mentres que este segundo aparcadoiro está situado no contorno de dous xacementos arqueolóxicos: Casco Vello e Pontevedra-Areal, o de Areal só afecta a este último xacemento, polo que en principio, sería de esperar a imposición de maiores cautelas para a construción do aparcadoiro de Policarpo Sanz que para o de Areal. Como xa se ten dito anteriormente, esta modificación carece de relevancia económica.

O cambio da traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz debese tamén a unha causa imprevista: o estudio xeotécnico, efectuado con carácter previo a elaboración pola administración do anteproxecto base da licitación, non puxo de releve a existencia dun túnel e dun garaxe dun edificio de propiedade privada. Dado que o túnel era utilizado noutros tempos polo ente público RENFE, e tendo en conta que non existe en poder deste concello título ningún que avale a propiedade municipal do mesmo, non é posible determinar a priori se é de propiedade municipal ou, pola contra, se a propiedade do mesmo correspóndelle a RENFE. Para dirimir esta cuestión sería preciso incoar un expediente informativo que determine a quen pertence a súa propiedade, consonte o establecido nos artigos 45 e seguintes do RBEL. Unha vez resolto este expediente, sería preciso, no caso eventual de que resultase propietario RENFE, adquirir a súa propiedade para poder construír este tramo de aparcadoiro e de non acceder o propietario a súa venda, a imposibilidade de construír o tramo afectado. O mesmo ocorre co garaxe do edificio. Esta administración tería que incoar un previo expediente informativo, e de resultar que a propiedade lle pertence ó concello, un posterior expediente de recuperación de dominio, nos termos dos artigos 70 e 71 RBEL, ou se resultase de propiedade privada, a

alternativa xa exposta: comprar a propiedade ou imposibilidade de construír o devandito tramo. Todos estes procedementos dilatarían no tempo o inicio das obras, e de resultar o subsolo ocupado de propiedade de terceiros este feito podería determinar a imposibilidade de construír este tramo, o que levaría necesariamente ó axuste do equilibrio financeiro do contrato, ou de resultar antieconómica a explotación do aparcadoiro con esta extensión máis reducida, a resolución do contrato, posibilidades ambas as dúas que implicarían gastos para as arcas municipais. Así mesmo, desvirtuaríase as razóns de interese público que levaron a licitación da concesión de servizo público para a construción e explotación de varios aparcadoiros, a necesidade de crear novas prazas de aparcamento na cidade. En virtude ó exposto, parece máis axustado ó interese público o cambio de traza, que, tal e como se xustificou anteriormente, non implica maiores custos, por non acarrear aumento das unidades de obra previstas, e pola contra, contribúe a evitar eventuais gastos.

-V-

Presentada a oportuna proposta sobre a modificación da traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz polo adxudicatario, cos documentos que a xustifican, e evacuado trámite de audiencia ó mesmo respecto a alteración da orde de execución das obras relativas ós aparcadoiros proposta pola Administración, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Dado que se trata de unha concesión de servizo público, as modificacións do prego están suxeitas ó trámite de información pública durante trinta días regulamentado no artigo 121 RS.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL).

-VI-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobado os axustes da traza dos aparcadoiros das rúas Areal e Pintor Colmeiro propostos pola UTE Eloymar-Tranvías en sendos escritos de 25 de setembro e 5 de outubro de 2007, polas razóns expostas no corpo deste informe.

2º.- Aprobado inicialmente o cambio de traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposto pola UTE Eloymar-Tranvías, segundo os planos presentados.

3º.- Aprobado inicialmente a modificación do artigo 6.4 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

6.4.- Dado que o concurso se convoca para a construción e para a xestión (servizo público) de seis

aparcadoiros e outro anexo un deles situados todos en diferentes zonas do núcleo urbano central da cidade, a realización das diferentes obras, ó obxecto de evitar problemas no tráfico, adecuarase á seguinte programación:

- a) En primeiro lugar executaranse os aparcadoiros localizados nas rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Genaro de la Fuente (Lote nº 2).
- b) Ó obxecto de evitar obras continuas en lugares próximos contiguos os aparcadoiros das Rúas Pintor Colmeiro (Lote nº 1) e Rosalía de Castro e anexo (Lote nº 2) construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación. Nestes supostos os Proxectos de Construción deberán ter en conta e coordinarse co previsto nos Proxectos de Urbanización. Non obstante o exposto ó órgano de contratación, xustificadamente, en virtude dos informes que neste senso se emitan, poderá autorizar o comezo das obras mencionadas sempre e cando tales informes indiquen que as obras de urbanización dos ámbitos urbanísticos concluíranse antes ou ó mesmo tempo que as dos aparcadoiros citados.
- c) Os aparcadoiros da rúa Areal (Lote nº 1) de da Avenida Castela (Lote nº 2) construíranse, respectivamente, unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros das rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Pintor Colmeiro (Lote nº 1) ou ben, cando ó xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan á fluidez do tráfico rodado no seu contorno.

4º.- Someter a información pública polo prazo de 30 días as modificacións previstas nos apartados 2º e 3º deste acordo.

5º.- De non presentarse alegacións durante o prazo de exposición pública das modificacións previstas nos apartados 2º e 3º deste acordo, estas entenderanse aprobadas automaticamente.

6º.- Suspender o prazo de entrega do proxecto de construción do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz fixado na resolución da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2007 en tanto non se aprobe definitivamente o cambio de traza previsto no apartado 2º do presente acordo.”

Constan no expediente informe de fiscalización de data 29.10.07 e informe xurídico favorable de data 8.11.07.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(2053).- GRATIFICACIÓN DOS SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE DIVERSOS SERVIZOS, MESES ABRIL A SETEMBRO DE 2007. EXPTE. 17805/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.11.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 30.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de abril, maio, xullo, agosto e setembro, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Servizo de conserxería, relación que se achega no expediente e que comeza e remata por Don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 49 horas.

Servizo de parque móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por Don Manuel

Alonso Iglesias e remata por Don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1254,45 horas.

Servizo de vías e obras, relación que se achega no expediente e que comeza por Don Raimundo Villar Estévez e remata por Don Jose Manuel Martínez González, por un total de 232 horas.

Servizo de montes, parques e xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por Alfonso Casas Iglesias e remata por Don Manuel Valado Gomez, por un total de 248 horas.

Servizo de parque central, relación que se achega no expediente e que comeza por Don Guillermo Abelleira Porrua e remata por Don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 169 horas.

Servizo de O.S.P.I.O., relación que se achega no expediente e que comeza por Don Jose Eugenio Matilde Viñas e remata por Don Angel Ferro Mancho, por un total de 63 horas.

Servizo de policía local, relación que se achega no expediente e que comeza por Don Mariano Alonso Iglesias e remata por Don Jaime Villar Salgueiro, por un total de 1162.15 horas.

Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, relacion que se achega no expediente e que comenza por D Carlos Abalde Fernandez e remata por D Domingo Vazquez Gonzalez, por un total de 877 h

Servizo Policia Local (1º Tenencia de Alcaldía), relacion que se achega no expediente e que comenza por D jose Luis Perez Costas e remata por D Juan Pablo Alonso Rodríguez, por un total de 400 h

Alcaldía, relacion que se achega no expediente e que comenza por D Basilio Costas Fernandez e remata D Cesareo Rocha Parames, por un total de 361.30 horas

Servizo de Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por D. Ricardo González Arzúa e remata por D. José Manuel Sousa Atrio,, por un total de 417 horas.

Servizo Museo Municipal Quiñones de Leon, relacion que se achega no expediente e comenza por D Andres Gonzalez Bello e remata por D Jose Andrade Souto, por un total de 5 h

- O montante do presente expediente ascende a un total de 42625.85€ .

33(2054).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA DE TRABALLO DO PROGRAMA “ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO IV”. EXPTE. 4574/77.

Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 31.10.07, conformado polo concelleiro de dito servizo, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

O proxecto denominado Escola Obradoiro "Mar de Vigo 4", concibido como continuidade dos proxectos de escola obradoiro "Mar de Vigo", "Mar de Vigo 2" e "Mar de Vigo 3", e aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 9 de xullo de 2007, foi presentado á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia o 12 de xullo de 2007.

Con data 30/10/07 a Delegación provincial da Consellería de Traballo remite, por fax, Resolución aprobatoria de data 30 de outubro de 2007, concedendo subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado “Escola Obradoiro Mar de Vigo 4”. As características básicas do proxecto aprobado son:

Denominación: Escola Obradoiro “Mar de Vigo 4”

Duración: 18 meses

Data prevista de inicio: 28 de decembro de 2007

Nº total de alumnos: 40

Por especialidades:

Carpintería de ribeira	14
Construción naval en laminados de madeira	12
Actividades náuticas	12

Subvención concedida pola Xunta de Galicia: 752.519,60 euros

Obxectivos da actuación: Actuacións sobre dous eixos relacionados coas actividades marítimas: a construción naval (recuperando embarcacións e oficios tradicionais, así como capacitando en novas técnicas empregadas na construción naval en madeira laminada) e as actividades náuticas (potenciando actividades de ocio centradas no ámbito marítimo e capacitando a novos profesionais en actividades náuticas).

Ubicación da Escola:

Aulas, talleres e despachos: Nave alugada polo Concello de Vigo, na Estrada do Vao nº 151.

Por parte deste Servizo de Promoción Económica e Emprego estanse a efectuar as xestións oportunas para a posta en marcha do proxecto, fundamentalmente no referido ao proceso de selección de participantes (equipo xestor, docentes e alumnos-traballadores), proceso a realizar en colaboración coa Delegación provincial da Consellería de Traballo, tal e como establece a normativa de aplicación do programa público de escolas obradoiro, así como no relativo ao expediente de xeración de crédito diante da Oficina de Intervención Xeral e optimización das instalacións para a posta en marcha.

O que se comunica á Excm. Corporación Municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

34(2055).- CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO ÁMBITO DO PLAN PARCIAL “UA B SUP PP FINCA SOLITA” EXPTE. 4776/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.10.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Con data 25 de febreiro de 2002 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial do "UA B SUP-P.P. Finca Solita ". Estableceuse a súa execución nun polígono único, polo sistema de compensación (BOP do 01/04/02, expte. 4776/411).

No 09/07/07 a Xunta de Goberno Local acordou: “(...) PRIMEIRO: Á vista dos informes do adxunto ó

director dos servizos técnicos de 4.06.07 e da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 23.05.07, acordar a recepción das obras de urbanización do <Plan Parcial Finca Solita>.SEGUNDO: Requirir ós propietarios para que procedan á inmediata constitución da entidade de conservación (...).”

Con data 15 de outubro de 2007 a entidade mercantil “Metrovacesa S.A.” na súa calidade de propietario único no desenvolvemento do Plan Parcial Finca Solita presentou nesta Administración municipal copia simple da formalización en escritura pública de constitución da entidade urbanística colaboradora de conservación da “U.A. B SUP PP Finca Solita” outorgada ante o ilustre notario desta cidade D. Pedro Riol López do 11 de outubro de 2007 e co número dous mil novecentos sete do seu protocolo no que interveñen o 100% das cuotas de participación do proxecto de compensación e as cuotas de participación detállanse na mencionada escritura.

Tanto o apartado 3.2.3.b) da normativa urbanística do Plan Xeral de Vigo como no acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación (Consello da Xerencia do 23 de outubro de 2003) recóllese entre outras obrigas o deber pola propiedade de asumir o mantemento das novas zonas verdes cedidas ao Concello no ámbito de actuación de referencia a traveso da consavinte entidade urbanística de conservación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A entidade de conservación do Plan Parcial Finca Solita constitúese de conformidade co disposto no art. 110.6 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), arts. 24 e ss. e 67 e ss. RD 3288/1978, do 25 de agosto, aprobatorio do Regulamento de Xestión Urbanística e aptdo. 3.2.3.5.b) da normativa do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29/04/1993, interpretado este último polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa Sentenza do 09/02/2006 no recurso cont.-ad. 2/4371/2002.

II.- O inicio da actividade da entidade de conservación requirirá do cumprimento do seguinte requisito:

- Inscripción no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Galicia.

A Xunta de Compensación, no entanto, e mentres non se aprobe expresamente a súa disolución e liquidación, responderá da conservación da urbanización.

É competente para adoutar o acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte a c o r d o:

PRIMEIRO: Aproba-la constitución da entidade urbanística de conservación do ámbito abranguido polo Plan Parcial “U.A. B SUP PP Finca Solita” formalizada escritura pública de constitución da entidade urbanística colaboradora de conservación da “U.A. B SUP PP Finca Solita” outorgada ante o ilustre notario desta cidade D. Pedro Riol López do 11 de outubro de 2007 e co número dous mil novecentos sete do seu protocolo no que interveñen o 100% das cuotas de participación do proxecto de compensación e as cuotas de participación detállanse na mencionada escritura (expte. 4776/401).

SEGUNDO: Designar como representante do Concello na entidade de conservación a Delegada da área de Urbanismo e Vivenda.

TERCEIRO: A entidade asumirá a conservación de tódalas zonas verdes e espazos libres públicos do polígono.

CUARTO: Remítaselle unha copia compulsada do expediente á Xunta de Galicia, para a inscrición da entidade de conservación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

QUINTO: Notifíqueselle este Acordo a tódolos propietarios do ámbito e á Xunta de Compensación, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición no prazo dun mes nesta Administración municipal ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo. Notifíqueselle tamén ás oficinas municipais de Patrimonio, Limpeza e Vías e Obras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(2056).- CONCESIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS DA OFICINA DE REHABILITACIÓN (8ª FASE DO CASCO VELLO). EXPTE. 2728/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, de data 5.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

Con data 25 de outubro de 2007 e o conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos, a Directora da Oficina de Rehabilitación realizou o seguinte informe-proposta, dirixido á Comisión de Avaliación reunida e integrada consonte ó establecido pola Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas (BOP do 4 de decembro de 2006).:

"I. FEITOS/ANTECEDENTES

- 1) O 24.11.1999 asínase o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO", no marco do Plan de Vivenda 1998-2001, ao abeiro do RD.1186/1998, do 12 de xuño e do D.345/1998, do 20 de novembro. O 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.02, 14.07.03 e o 26.02.04 asínanse a Segunda, Terceira, Cuarta, Quinta e Sexta fase, respectivamente, do convenio.
- 2) O 27.04.06 asíanase a Septima fase para 20 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Vigo. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 286.000 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Consellería da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 156.000 e 130.000 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2008, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.
- 3) O 23.04.07 asinase a Oitaba fase (programa 2006) para 30 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Vigo. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 500.000 euros en vivendas e 180.000 euros en infraestructuras e urbanización. El coste total das actuacións estableceuse en 722.000euros, que inclue 42.000 euros para financiar os gastos que xere o Portelo Único da Vivenda. O Ministerio da vivenda aportará a cantidade de 180.000 euros para financiar as actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas, e a Consellería da Vivenda 150.000 para os mesmos conceptos e a fondo perdido. Para a xestión das axudas correspondentes á 8ª Fase, estableceuse o 31 de decembro de 2009 como data final para presentar novas solicitudes de axuda, ata esa data podense presentar novas solicitudes sempre que remataen as obras na data estipulada nos convenios.

Actuación	Coste total	Mº vivenda	Achega da Xunta-CVS	Achega concello	Achega privados
Rehabilitación edificios e vivendas	500.000	180.000	150.000	-	170.000

Infraestructuras e urbanización	180.000	54.000	45.000	81.000	-
Equipo técnico	42.000	16.800	-	25.200	-
Totais	722.000	250.800	195.000	106.200	170.000
% achegas	100%	34,74%	27,01%	14,71%	23,55%

- 4) En data 11.04.2000 resólvese o concurso para a contratación dunha asistencia técnica encargada da creación e posta en marcha da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. Esta Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na Xerencia Municipal de Urbanismo, comezou a súa actividade no mes de maio de 2000. Con data 31.05.02 o Presidente da Xerencia Municipal de urbanismo resolve a nova contratación da asistencia técnica encargada da xestión da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación a favor da empresa Consultora Galega S.L. esta asistencia técnica esta prorrogada novamente ata outubro de 2008. A principal función da Oficina de Rehabilitación é xestionar as axudas de rehabilitación previstas nos Convenio e conforme á regulación que establece a Ordenanza municipal correspondente.
- 5) En sesión plenaria do 31.08.00 aprobouse definitivamente a "Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo" (publicada no B.O.P. o 17.10.2000). En data 24.02.03 aprobouse unha modificación desta ordenanza publicada o 10.07.03. En 29.05.06 modificouse novamente a Ordenanza municipal en función do novo Plan Vivenda e unificando criterios para o Casco vello de Vigo e o barrio Histórico de Bouzas. Esta norma regula polo miúdo o desenvolvemento e execución do Convenio conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.
- 6) O 18 de novembro de 2003 publícase no BOE a vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración local e, en tanto norma reguladora das bases de concesión das subvencións, tense en conta por non estar aínda adaptada a ordenanza reguladora destas axudas á vixente lei.
- 7) En conformidade co o Capítulo Quinto. Procedemento de Concesión, Artigo 16. Normas xerais da da devandita Ordenanza, constituíuse unha comisión de avaliación que reunida en data 25.10.07, é a encargada da selección das actuacións de axudas presentadas.

• DEREITO/VALORACIÓN

1. As solicitudes indicadas no listado axunto como " SELECCIONADOS 8ª FASE", para rehabilitar os inmobles, están conforme co esixido na Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Bouzas consta na Oficina de Rehabilitación que presentaron toda a documentación requirida para posibilitar a súa valoración e polo tanto puideron ser consideradas para optar ás axudas correspondentes a este convenio.
2. Ás 30 solicitudes contan coa preceptiva visita técnica, orzamentos, proxecto e licenza de obra e algunhas coa obra xa rematada.
3. O reparto económico proposto e as cantidades adxudicadas provisionalmente son as seguintes:

Tipo de actuación	Actuacións	Contía económica	Contía adxudicada*	Total fase 8
-------------------	------------	------------------	--------------------	--------------

		Total das obras		
Vivendas	4	118.217	35.091	
Elementos comúns	17	192124	76.811	
Vivendas e comúns	16	906.302	218.182	
TOTAL	37	1.216.642	330.084	
Actuacións Mínimas	30	180.000	150.084	330.000

*Cantidades provisionais que irán concretándose cada vez máis, segundo se rematan as obras, ao total do importe do convenio.

4. O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación examinou os inmobles e os presupostos de obra achegados, polo que se calcularon os Presupostos Protexibeis (PP) aproximados das obras, algún deles xa aceptados polos servizos técnicos do IGVS- Consellería da Vivenda, os Presupostos Máximos Protexibeis (PMP), as axudas máximas e as axudas propostas tendo en conta a tramitación de axudas complementarias para esas mesmas obras de inmobles situados en conxuntos históricos galegos- Cédulas de Rehabilitación de Calidade, aínda por determinar. As contías das subvencións son provisionais en tanto non sexan xustificadas as obras mediante facturas orixinais.

5. De incumpriren os prazos fixados na ordenanza ou non atenderen aos requirimentos para completar a documentación, serán substituídos polas seguintes solicitudes en lista de espera segundo o cadro Tramites fase 8.

6. O resto de solicitudes valoradas e non incluídas na “PROPOSTA 8 FASE” quedan incluídas no cadro “tramites 8 FASE” sen contías económicas adxudicadas concretas tanto en cuanto non achegen orzamentos, proxectos e licenza, pero que poderán ter contía adxudicada, resultado da aplicación do apartado anterior, ou de ter partida orzamentaria sobranse a medida que o IGVS acepte os presupostos e/ou se rematen as obras seleccionadas provisionalmente.

III PROPOSTA

Proponse á COMISIÓN DE AVALIACIÓN a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar provisionalmente a proposta de selección de actuacións para a 8ª Fase en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas publicada no BOP o 04.12.06 para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro “ Seleccionados 8 FASE”.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

TERCEIRO.- Elevar a proposta provisional da selección das solicitudes de subvencións ao órgano concedente (Xunta de Goberno Local) para a súa aprobación.”

O cadro de seleccionados que se achega a este informe-proposta é o seguinte:

Solicitante	Localización	TOTAL
ANGELES GUERRA LALÍN	Real 11 (sol. 553-558, 1261,1262)	128.000
NATALIA LAGO LÓPEZ	Cesteiros 4 (sol. 1246-1249)	53.682
MANUELA Y LAUTARO MATEO MORALES	Baixada a Fonte 8 (1153,1154,1196,1197)	36.500

	TOTAL VIVENDA + EL. COM.	218.182
GUILLERMO MARIÑO DE OYA	Elduayen 27 1º E (sol. 1234)	12.000
GERARDO GIL PÁRAMOS	Teófilo Llorente 69 1º D (sol. 1161)	12.000
Mª FERNANDA REMESAR CONDE	Poboadores 57 0º A (sol. 1179)	4.815
Mª FERNANDA REMESAR CONDE	Poboadores 57 0º B (sol. 1180)	6.276
	TOTAL VIVENDAS	35.091
CÁNDIDO JUNCAL SEQUEIROS	San Bernardo 5 (sol. 1250 a 1254)	4.576
DOMINGO PAZ BLANCO	Real 53 (sol. 1189-1193)	14.485
Mª TERESA BALIÑO NOGUEIRA	Abeleira Menéndez 1 (sol. 1198 a 1218)	57.750
	TOTAL ELEMENTOS COMUNS	76.811
	TOTAL VIVENDAS + EL. COM.	218.182
	TOTAL VIVENDAS	35.091
	TOTAL ELEMENTOS COMUNS	76.811
	TOTAL	330.084

Reunida o propio día 25 de outubro a citada Comisión da Avaliación, acordouse PROPOÑER Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO.- Conceder axudas, por un importe total de 330.084 euros, para actuacións correspondientes á 8ª Fase do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Vivenda na Área de Rehabilitación “Casco Vello de Vigo”, en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas, publicada no BOP o 04.12.06, e para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro que antecede a esta proposta, que inclúe unha relación de solicitantes que comenza con Angeles Guerra Lalín e remata con Mª Teresa Baliño Nogueira. A concesión das devanditas axudas económicas quedará condicionada ó pleno cumprimento dos requisitos fixados na citada ordenanza.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(2057).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 2743/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, do 8.11.07, que di o seguinte:

No día 8 de novembro de 2007 o Xefe dos Servicios Centrais e o Secretario da Xerencia de Urbanismo emitiron o seguinte Informe:

“ANTECEDENTES

1º.- En data 26 de abril de 2001 o Pleno do Concello acordou aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas para a contratación por concurso dunha consultoría e asistencia técnica destinada á redacción da revisión e adaptación do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

O 24 de setembro de 2001 o Pleno municipal acordou adxudicar o devandito concurso á entidade mercantil “Consultora Galega, SL” (CIF: B36012102).

No 23 de febreiro de 2004 a Xunta de Goberno Local acordou: “(...) Aprobar unha modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, cun coste de 814.893,04 euros (IVA incluído), consistente en incluír a ordenación detallada de 36 ámbitos, cunha superficie total de 2.057.481 metros cuadrados, segundo a proposta do equipo redactor (...)” –expte. 322/407-.

Previos os trámites oportunos, en data 19 de maio de 2006 o Pleno do Concello acordou aprobar provisionalmente o novo PXOM e remitilo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia (CPTOPT) para a súa aprobación definitiva. No 19 de xaneiro de 2007 a CPTOPT emitiu unha Orde requirindo a subsanación de deficiencias no proxecto do PXOM. En resposta a dita Orde e seguindo as instrucións do entón Xerente de Urbanismo, no 27 de marzo de 2007 “Consultora Galega SL” presentou na Xerencia de Urbanismo unha versión rectificada do Plan Xeral.

En xuño de 2007 constituíuse a nova Corporación do Concello de Vigo tralas eleccións municipais.

2º.- En data 25 de setembro de 2007 a Delegada municipal da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu incoar un expediente de modificación do devandito contrato de asistencia técnica a fin de que, entroutros aspectos, se elevase a reserva de vivenda protexida do 20% ao 40% na ordenación do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable establecida no proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

No 27 de setembro seguinte manifestóuselle á entidade contratista “Consultora Galega SL” a intención do goberno municipal de que se efectúen as seguintes correccións no proxecto do PXOM:

- 1º.- Introducción do 40 % de vivenda protexida en tódolos ámbitos de SUNC e Suble nos que resulte posible.
- 2º.- Completa-lo cumprimento da Orde de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT da Xunta de Galicia, en especial no referente ao establecemento da estratexia de actuación do plan.
- 3º.- Cumplimenta-los requisitos establecidos na resolución de 10 de setembro de 2007 da Consellería de Medio Ambiente (estratexia de crecemento, etc).
- 4º.- Revisión dos convenios que se manteñen no Plan, tanto os realizados con particulares como con outras Administracións públicas, en especial no referente ao grao de compromiso alcanzado (garantías da súa subscripción na fase final da tramitación do Plan Xeral), financiamento e viabilidade.
- 5º.- Estudo de certas puntualizacións solicitadas por determinadas asociacións de veciños sobre varios ámbitos da cidade, dun contido de carácter social, tendentes ao mantemento de determinadas tipoloxías edificatorias e ao realoxo dos ocupantes”.

No día 3 de outubro de 2007 “Consultora Galega SL” presentou no rexistro da Xerencia de Urbanismo un Informe ao respecto. Nél indicou que o incremento da reserva de vivenda protexida, implicaría, entroutros extremos:

- A necesidade de recalcular-la viabilidade técnica e económica de tódolos ámbitos afectados.
- Rectifica-las ordenacións detalladas e as fichas dos distintos ámbitos.
- Posible apertura dun novo trámite de información pública.

Motivos polos que estimou un prazo mínimo de 4 meses para poder efectuar ditos traballos. Mediante o posterior escrito do día 31 de outubro de 2007 a citada entidade contratista ofreceuse a efectuar ditas rectificacións nun prazo máis reducido de tempo, polo importe de 280.929,88 euros, que se desglosarían do

seguinte xeito:

- Equipo multidisciplinar formado por 16 profesionais:	169.880,00 €
- Xestión/Administración (15%):	25.482,00 €
- Gastos xerais (17%):	28.879,60 €
- Total:	224.241,60 €
- IVE (16%):	38.748,95 €
TOTAL:	280.929,88 €

Propuxo asimesmo que o aboamento dese orzamento se realice do seguinte xeito:

- No momento de aceptación do orzamento, e correspondente á sinatura do contrato: 30%.
- No momento da entrega do novo documento de ordenación: 70%.

3º.- No 5 de novembro de 2007 a Xerente de Urbanismo, directora municipal dos traballos de redacción do novo PXOM, emitiu un Informe no que entroutros extremos sinalou o seguinte:

“(…) O orzamento presentado por importe total de 280.929,88 euros, estímase razoable e conforme cos prezos de mercado e do conxunto da contratación realizada, coas seguintes precisións:

- 8) Terá carácter de importe máximo para os traballos encomendados en virtude do escrito da Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 27 de setembro de 2007.
- 9) Poderá esixírselle a empresa adxudicataria xustificación dos custos efectivamente realizados e que integran o orzamento no seu conxunto.
- 10) A entrega material dos traballos realizarase de acordo coas esixencias do prego que rexe esta contratación e, en todo caso nos termos, que se fíxen na modificación do contrato que estase a tramitar.

Respecto ó aboamento en dúas fases, debe terse en conta que os anticipos requirirán prestación de garantía, segundo establece o artigo 99.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos da Administración Pública. Non obstante, poderán realizarse pagamentos parciais mediante aboamentos a conta, en función do nivel de execución dos traballos, previa presentación e tramitación da correspondente factura conformada”.

4º.- Con data 7 de novembro de 2007 e despois do preceptivo informe do Interventor Xeral, a Delegada da Área de Urbanismo, en virtude da delegación efectuada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 16 de xullo de 2007, aprobou a modificación orzamentaria nº 6/2007 pola que se dotaba do crédito necesario (280.929,88 euros, segundo a proposta da empresa adxudicataria, conformada pola xerente mediante o citado informe de 5 de novembro de 2007) para facer fronte o custo da modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Xustificación da modificación.

O art. 59.1 do RDLex. 2/2000, de 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das

Administracións Públicas –TRLCAP- (aplicable ao caso segundo o preceptuado na Disp. Final 12ª da recente Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público) establece que: “Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público...”

Este “ius variandi” que ostenta a Administración pública de modificar os seus contratos constitúe unha prerrogativa tradicional do dereito contractual.

Asemade, o art. 101 TRLCAP dispoñe que: “Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente”.

Neste caso a pretendida modificación obedece a un “interese público” evidente, recoñecido no art. 47 da Constitución, arts. 1, 2.3, 4 e 10 Lei 8/2007, de 28 de maio, do Solo e art. 4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). O incremento da reserva de vivenda protexida constitúe unha medida dirixida a facilita-lo acceso dos cidadáns á vivenda, a garanti-la participación da comunidade nas plusvalías xeradas pola acción urbanística, e a frea-la especulación.

Por outra banda, a modificación obedece a “necesidades novas ou causas imprevistas”. A primeira delas derívase da constitución, en xuño de 2007 e como consecuencia das eleccións municipais, dun novo goberno local, de signo político distinto ao da anterior Corporación, cun programa de actuación en materia urbanística tamén diferente, programa que incide directamente na ordenación urbanística proxectada no novo PXOM en tramitación. A segunda derívase da recente aprobación da Lei estatal 8/2007, do Solo e da tramitación pola Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia dun “Anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo”, que obrigarán, nun breve prazo de tempo, a modifica-lo planeamento xeral municipal incrementando a reserva de vivenda protexida nun ratio superior ao 20% no solo urbano non consolidado e urbanizable (30% no caso da ley estatal e 40% no do anteproxecto da Consellería de Vivenda).

II.- Compatibilidade da modificación coa normativa urbanística

Nos arts. 55.3 e 64.f) da vixente LOUGA, instituíuse no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable a obriga de “preve-las reservas de solo necesarias para atende-las demandas de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública”. E concreouse dita carga nunha porcentaxe “non inferior” ao 20% da edificabilidade residencial de cada distrito. Da interpretación gramatical dos referidos preceptos dedúcese que dito ratio constitúe un “mínimo” que pode ser incrementado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

Por outra banda, o art. 10.b) da recente Lei estatal 8/2007, do 28 de maio, do Solo elevou dita reserva a un mínimo do 30% da edificabilidade residencial prevista en actuacións de urbanización. Estándar que, en principio, e en defecto doutra reserva autonómica igual ou superior, se aplicará directamente na xestión urbanística a partires do día 1 de xullo de 2008, consonte se preceptúa na disposición transitoria primeira de dita Lei.

Asemade, como se dixo, a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia elaborou un “Anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo”, no que se pretende como criterio xeral incrementar esa reserva de vivenda protexida ata o 40% da nova edificabilidade residencial que xere o planeamento no solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado.

Como consecuencia do antedito, non existe óbice legal para que no novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo se estableza unha reserva de vivenda protexida do 40% da edificabilidade residencial no solo urbano non consolidado e urbanizable. En primeiro termo, porque non o prohibe a vixente LOUGA. En segundo, porque con elo se adaptaría o PXOM ao disposto sobre este particular na Lei estatal 8/2007, do 28 de maio, do Solo e incluso na futura “Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo” promovida pola Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia.

Porén, dita modificación obrigaría a xustificar que os respectivos ámbitos do Plan Xeral manteñen a súa rentabilidade e o equilibrio entre beneficios e cargas esixido nos arts. 131.1 e 112 LOUGA.

III.- Conceptos remunerables como consecuencia da modificación

O contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do novo PXOM de Vigo atópase neste momento na fase de execución prevista no aptdo. “5.8” do prego de prescricións técnicas, no que se dispuxo o seguinte:

“5.8.Elaboración do Texto refundido.- Unha vez recibido o informe favorable do Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, levarase o expediente ó Pleno do Concello de Vigo para a súa aprobación definitiva, de acordo co indicado na Lei 7/95 de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo. Aprobado definitivamente procederase á confección do Texto Refundido, para a remisión á CPTOPV prevista no artigo 48 da LSG”.

Quedou clara nesa cláusula a obriga da contratista de elaborar trala aprobación definitiva do PXOM un texto refundido final no que se incorporasen as últimas modificacións derivadas da propia Resolución da aprobación definitiva. No momento actual, o proxecto do novo PXOM carece aínda desa aprobación definitiva, e foi obxecto de senllos requirimentos de corrección pola CPTOPT e pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Polo tanto, non pode considerarse totalmente executado o contrato.

Por outra banda, no que se refire ás rectificacións que o novo Goberno municipal pretende agora efectuar no proxecto do novo PXOM, deben distinguirse as que se insertan nas obrigas xerais da contratista xa establecidas no contrato primixenio, das que resultan novidosas, alleas aos pregos aprobados, e obrigarían polo tanto a modifica-lo contrato.

Neste senso, pode considerarse que entre as obrigas do contrato primitivo figura a de “Completa-lo cumprimento da Orde de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT da Xunta de Galicia, en especial no referente ao establecemento da estratexia de actuación do plan” e a de “Cumplimenta-los requisitos establecidos na resolución de 10 de setembro de 2007 da Consellería de Medio Ambiente (estratexia de crecemento, etc)”. Se ben é certo que ditos últimos requisitos obedecen ao disposto nunha nova lexislación inexistente no momento

de formalización do contrato (Lei estatal 9/2006, do 28 de abril), tamén o é que no aptdo. 27 do prego de cláusulas administrativas do contrato dispúxose o seguinte: “Tendo en conta a natureza e características deste contrato (con evidente predominio das prestacións de carácter intelectual), a actual conxuntura económica (caracterizada pola estabilidade e unha débil fluctuación monetaria) e a fixación dun tipo de licitación capaz de cubrir a relativa marxe de impredecibilidade, o prezo do contrato non experimentará variación ningunha durante a súa vixencia, non admitíndose revisión de prezos nin siquiera no suposto de que durante a mesma sexa modificada a normativa urbanística ou a sectorial (p.ex. medioambiental) con incidencia nesta materia, quedando obrigado o contratista a adaptar os traballos realizados á nova normativa, calquera que sexa a fase na que se atopen”.

Partindo do antedito, constituirían modificación contractual as seguintes rectificacións:

- “Introducción do 40 % de vivenda protexida en tódolos ámbitos de SUNC e Suble nos que resulte posible”. Obedece a unha decisión discrecional do novo goberno municipal, que altera as instrucións do goberno anterior sobre este particular dirixidas á entidade mercantil contratista e acatada por ésta nos traballos xa presentados.
- “ Completa-lo cumprimento da Orde de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT da Xunta de Galicia, en especial no referente ao establecemento da estratexia de actuación do plan”. Podería considerarse modificación contractual na parte na que se incorrese en contradicción aberta co ordenado expresamente polo anterior equipo de goberno e Xerente de Urbanismo sobre os mesmos conceptos, xa cumprimentado pola contratista no documento presentado en marzo de 2007.
- “Revisión dos convenios que se manteñen no Plan, tanto os realizados con particulares como con outras Administracións públicas, en especial no referente ao grao de compromiso alcanzado (garantías da súa subscripción na fase final da tramitación do Plan Xeral), financiamento e viabilidade”. Pode sinalarse o mesmo que no epígrafe anterior.
- “Estudio de certas puntualizacións solicitadas por determinadas asociacións de veciños sobre varios ámbitos da cidade, dun contido de carácter social, tendentes ao mantemento de determinadas tipoloxías edificatorias e ao realoxo dos ocupantes”. Ídem co anterior.

IV.- Existencia de crédito axeitado e suficiente

De conformidade co exposto nos antecedentes e co requirido polo artigo 11.2.e) e 67.2 TRLCAP, existe crédito adecuado e suficiente con cargo á partida 4320.2270600 de “estudios e traballos técnicos” do Orzamento do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Realízase con cargo a citada partida retención de crédito por importe de 280.929,88 euros, incorporándose ó expediente o documento contable (“RC” nº 200700002601).

V.- Obrigas do contratista

V.1.- Como consecuencia desta modificación contractual, a entidade contratista quedará obrigada a presentar un novo texto refundido do proxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, previo á súa aprobación

definitiva, co contido e calidade precisados no prego de prescripci3ns t3cnicas do contrato primixenio, incorporando as seguintes determinaci3ns:

- Estudio da posibilidade de introducci3n da reserva do 40 % de vivenda protexida en t3dolos 3mbitos de Solo Urbano Consolidado e Solo Urbanizable, garantindo a rendabilidade dos distintos 3mbitos no correspondente estudio econ3mico/financiero. Rectificaci3n, xustificada nese estudio, dos 3mbitos nos que resulte posible efectua-lo incremento do 40%, coa correspondente modificaci3n dos documentos do PXOM necesarios para tal fin (memoria xustificativa, estudio econ3mico-financiero, fichas de 3mbitos, ordenaci3ns detalladas, etc).
- Completa-lo cumprimento da Orde de 19 de xaneiro de 2007 da CPTOPT da Xunta de Galicia, en especial no referente ao establecemento da estratexia de actuaci3n do plan.
- Rectificaci3n da ordenaci3n de determinados 3mbitos, cun obxectivo de car3cter social, tendente ao mantemento de determinadas tipolox3as edificatorias e ao realoxo dos ocupantes.
- Actualizaci3n do trazado das grandes infraestructuras viarias e de ferrocarril, de acordo coas previsi3ns m3s recentes das Administraci3ns sectoriais responsables das mesmas.
- Asistencia na revisi3n dos convenios que se mante3nen no Plan, tanto os realizados con particulares como con outras Administraci3ns p3blicas, en especial no referente ao grao de compromiso alcanzado (garant3as da s3a subscripci3n na fase final da tramitaci3n do Plan Xeral), financiamento e viabilidade.

V.2.- Dito texto refundido elaborase en coordinaci3n coa Delegada de Urbanismo, a Xerente e os t3cnicos municipais. Unha vez pechado o seu contido, presentaranse oito exemplares en soporte papel para a s3a tramitaci3n, as3 como en formato dixital en DVD.

V.3.- No referente ao prazo de entrega dos traballos, deber3 producirse nos meses de novembro e decembro de 2007, coa idea de que a s3a aprobaci3n definitiva pola Xunta de Galicia se produza o antes posible.

VI.- Prezo e forma de pagamento.

3 Vista do escrito da entidade mercantil "Consultora Galega SL" do 31 de outubro de 2007 e de acordo co Informe da Xerente de Urbanismo e Directora dos traballos de redacci3n do novo PXOM, f3xase como prezo dos traballos derivados desta modificaci3n contractual a cantidade total de 280.929,88 €, incluído I.V.E. Elo sen prexuízo da posterior liquidaci3n da cantidade pendente de pago no contrato principal unha vez se presente a refundici3n final do PXOM resultante da s3a aprobaci3n definitiva, consonte ao establecido no aptdo. "5.8" do prego de prescripci3ns t3cnicas.

O pagamento do referido prezo realizarase de conformidade co disposto no art. 99 TRLCAP. Os pagamentos anticipados requirir3n a prestaci3n de garant3a. Sen embargo, poden efectuarse pagamentos parciais mediante aboamentos a conta, en funci3n do estado de execuci3n dos traballos, debidamente acreditado.

VII.- Procedemento de modificaci3n do contrato.

Trat3ndose de actuar sobre elementos existentes do contrato non resulta procedente a ulitizaci3n do r3xime xeral no procedemento e forma de adxudicaci3n deste tipo de contratos de asistencia t3cnica: procedemento aberto e concurso. Nin siquera ser3a posible a utilizaci3n dun procedemento negociado sen publicidade nin concurrencia por raz3ns t3cnicas.

O obxecto desta modificación pretende que o adxudicatario do contrato principal, a empresa redactora do novo Plan Xeral, realice variacións e rectificacións non substanciais sobre ámbitos e ordenacións detalladas previamente elaboradas.

De todos modos, esta prerrogativa de “ius variandi” que ostenta a Administración e que neste caso tradúcese en requirir do adxudicatario a ampliación da súa prestación, respecto a orixinalmente contratada, encontra determinados límites formais e cuantitativos, ata o punto de que o adxudicatario pode invocar como causa de resolución do contrato “as modificacións do contrato, aínda que fosen sucesivas, que impliquen, aislada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en cuantía superior, en máis ou menos, ó 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, ou representen unha alteración sustancial do mesmo” .

Neste caso a propia modificación implica unha alteración superior ó 20% do contrato, polo que debe incorporarse a conformidade expresa do adxudicatario do contrato coa modificación pretendida.

Resulta así de aplicación o procedemento regulado no artigo 102 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro para este tipo de modificacións:

- *Proposta integrada polos documentos que xustifiquen, describan e valoren a pretendida modificación do contrato.*
- *Audiencia do contratista, que neste caso débese explicitar coa conformidade expresa da que se fixo referencia.*
- *Fiscalización do gasto correspondente.*

Ademáis o artigo 101.2 TRLCAP dispón que “as modificacións do contrato deberán formalizarse consonte o disposto no artigo 54” (documento administrativo asinado entre ámbalas partes dentro do prazo de trinta días dende a notificación da adxudicación).

Nembargantes, a modificación entenderase perfeccionada co acordo de aprobación da mesma polo órgano de contratación competente; neste caso a Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local)”.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local –previa constancia da confirmade da contratista e do correspondente informe de fiscalización- a adución do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, sobre os extremos que se detallan na parte expositiva deste Acordo, polo prezo total de 280.929,88 €, incluído I.V.E..

SEGUNDO: Aprobar o citado gasto de 280.929,88 € con cargo á partida 4320.2270600 de “estudios e traballos técnicos” do vixente Orzamento do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo á entidade mercantil contratista “Consultora Galega SL”, na forma legalmente establecida.

Con data 8.11.07 o interventor xeral emite informe de fiscalización. Consta no expediente comparecencia de data 9.11.07, da Consultora Galega S.L. aceptando a modificación contractual propoorta nos termos contido no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no informe transcrito nos antecedentes, coa supresión da palabra “novo”, quedando redactado do seguinte xeito:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, sobre os extremos que se detallan na parte expositiva deste Acordo, polo prezo total de 280.929,88 €, incluído I.V.E..

SEGUNDO: Aprobar o citado gasto de 280.929,88 € con cargo á partida 4320.2270600 de “estudios e traballos técnicos” do vixente Orzamento do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo á entidade mercantil contratista “Consultora Galega SL”, na forma legalmente establecida.

37(2058).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 43.805,50 € A FAVOR DE TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. POR RETIRADA DE POSTES NO ACCESO DENDE AVDA. CASTRELOS Ó PARQUE TECNOLÓXICO E NOVA ESTRADA DE ACCESO A RÍOS. EXPTE. 51753/250.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

38(2059) SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA OBRA “FORMAS XEOMÉTRICAS” PARA EXPOSICIÓN “LODEIRO” QUE TERÁ LUGAR NO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA. EXPTE. 2684/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 7.11.07, conformado pola concelleira da Área delegada de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra Formas xeométricas, de Lodeiro, nº inv.468; pertencente á colección de arte galega do museo; co nº de inventario 468; á entidade Centro Galego da Arte Contemporánea (CGAC), para exposición “Lodeiro”, a celebrar entre o 14 de decembro de 2007 e 24 de febreiro de 2008 na sede da citada entidade en Santiago de Compostela; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal.

Do citado préstadmo darase conta ó padroado do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.

39(2060).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.